

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excm. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 26 de OUTUBRO de 2012**

Orde do día da sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, 26 de outubro de 2012, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 9/12, do 28 de setembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 14.801 á nº 16.800, de 2012.

3.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se atribúe o réxime de dedicación exclusiva ao deputado don Perfecto Vázquez Lema.

4.-Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do Pleno de novembro de 2012.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

5.-Aprobación da modificación da subvención e do texto do convenio coa entidade ASPACE para financiamento da obra de adaptación do Pavillón do Centro de Atención Integral para persoas con parálise cerebral en Osedo (Sada).

6.-Aprobación da modificación da subvención e do texto do convenio coa entidade SARELA para o financiamento da III Fase de execución das obras da Fase II do Centro de Día e Ocupacional en Santiago de Compostela.

7.-Aprobación da modificación da subvención e do convenio coa entidade A Creba para obras de acondicionamento de local para Centro Ocupacional en Ribeira.

8.-Aprobación da formalización da subvención e aprobación do convenio coa entidade Asociación Ferrolá para o Estudo e a Prevención das Drogodependencias (ASFEDRO) para financiamento do Programa de intervención no lecer nocturno “Educando no lecer”.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial e o Concello de Cesuras para financiar as obras de realización das obras de mellora e acondicionamento do entorno dos locais sociais de Loureda e Paderne.

10.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial e o Concello de Cesuras para financiar as obras de mellora e acondicionamento do entorno da Igrexa de Traba e da Capela de Santo Antonio.

11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial e o Concello de Cesuras para financiar as obras de conservación de fontes e lavadoiros en Cesuras, parroquia de Bragade, Probados e Figueredo.

12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial e o Concello de Cesuras para financiar a obra de construción de beirarrúas e restauración do muro en Lugar do Forte (Bragade) e mellora das vías nas parroquias de Bragade, Traba e Paderne.

13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial e o Concello de Cesuras para o financiamento da valoración de parcela na paraxe da Braña, parroquia de Regueira (Oza dos Ríos) para a construción dunha depuradora municipal de augas.

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Exma. Deputación Provincial e o Concello de Cesuras para financiar a valoración de parcela na paraxe de Sexias, Lugar do Forte, parroquia de Bragade, para ampliar a instalación no campo de fútbol de Seixas.

15.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial e o Concello de Oza dos Ríos para o financiamento da realización das obras de formación de beirarrúas na pista de tenis A Veiga (Oza dos Ríos).

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial e o Concello de Oza dos Ríos para financiar as obras de formación de beirarrúas na Penexa, parroquia de Parada (Oza dos Ríos).

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

17.-Aprobación das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2012-2015.

18.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2012 1ª fase, tal e como se detalla: Complementario nº 1 de senda peonil en DP 7506 en PQ 0+450 a 1+350. 1211700001. Sada.

19.-Aprobación do expediente de desafectación da superficie de 578,60 m² sobrantes ao modificarse o trazado de DP 5004 coa execución das obras contidas no proxecto complementario do proxecto de pavimentación con MAC na DP 5004 Casal de Arriba á Feira do Tres PQ 5,34-9,46, coa finalidade de tramitar a permuta de terreos.

20.-Desestimación das alegacións ao trámite de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares Chanteiro (Ares)

fase I e fase II e ratificación da solicitude á Xunta de Galicia de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución das obras.

21.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2012, 4ª fase, integrado polo proxecto de mellora da seguridade viaria na EP 4604 Melide ás Pías por Toques PK 1+170 a 4+760 (Melide E Toques) 12.11000034.0.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

22.-Aprobación da 4ª fase da anualidade do Programa de Modernización dos mercados locais dentro do Plan director de comercio das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar.

23.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o “Plan de competitividade turística 2012”.

24.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios Usuarios de Solo Industrial das Pontes (SEARA) para financiar as actividades no Centro de Dinamización Empresarial e Incubadora de Empresas.

25.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Santiago Rey Fernández Latorre para financiar as actividades “Voz Natura anualidade 2012”.

26.-Participación da Deputación na ampliación de capital social da entidade “AFIGAL, SGR” e desembolso do importe correspondente á anualidade 2012.

27.-Aprobación da presentación da candidatura oficial para que a cidade de Ferrol acolla no ano 2014 o 5º Congreso Europeo de Turismo Industrial.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

28.-Concesión da medalla de ouro da provincia ao Arsenal Militar de Ferrol.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

29.-Aprobación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013.

30.-Aprobación da 1ª fase da anualidade 2012 do Plan DTC94 unha Deputación para todos os concellos.

31.-Aprobación do proxecto reformado nº 2 da obra “Ampliación da rede de saneamento e abastecemento auga no lugar de Nantón” do Concello de Cabana de

Bergantiños, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2010. Código: 10.3300.0157.0.

32.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Ampliación da rede de saneamento e abastecemento de auga no lugar de Corcoesto” do Concello de Cabana de Bergantiños, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2010. Código: 10.3300.0158.0.

33.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Creación de rede separativa de saneamento rúa Santa Lucía” do Concello de Mugar dos Mugardos incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011. Código: 11.2100.0116.0.

34.-Toma de coñecemento da aprobación do convenio marco para o establecemento das bases de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e os concellos da Baña, Negreira, Santa Comba e Val do Dubra para a constitución da Comunidade Intermunicipal de Xallas-Barcala-Dubra, aprobado polos respectivos concellos da Baña, Negreira, Santa Comba e Val do Dubra e da designación dos representantes dos respectivos concellos, así como designación dos representantes da Deputación no citado convenio.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

35.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Terra de Hombres España, para o financiamento do proxecto “Viaxe cara a vida 2012”.

36.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Solidariedade Galega co pobo Saharai, para o financiamento do proxecto “Vacacións en Paz 2012”.

37.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación colaboración y esfuerzo, para o financiamento do “Proxecto de prevención social de nenos/as e mocidade de grupos en situación de risco, en Tegucigalpa-Honduras”.

38.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Organización de empresas prestadoras de Servizos Sociais para Fórmulas e Xestión do Tempo Libre.

39.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias tributarias do Concello de Padrón en materia de recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

40.-Modificación da Ordenanza fiscal xeral.

41.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 2 reguladora da taxa por servizo de publicacións do Boletín Oficial da Provincia.

[42.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame.](#)

[43.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 4 reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón.](#)

[44.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa por autorizacións de utilizacións privativas e aproveitamentos especiais nas vías provinciais.](#)

[45.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza.](#)

[46.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais.](#)

[47.-Modificación da Ordenanza nº 12 reguladora do prezo público por servizos no centro residencial docente Calvo Sotelo.](#)

[48.-Modificación da Ordenanza nº 13 reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva.](#)

[49.-Modificación da Ordenanza nº 14 reguladora do prezo público por utilización do Pazo de Mariñán.](#)

[50.-Aprobación da Ordenanza nº 15 reguladora do prezo público por utilización do IES Calvo Sotelo.](#)

[51.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos nº 5/2012.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

[MOCIÓNS](#)

[ROGOS E PREGUNTAS](#)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 26 DE OUTUBRO DE 2012

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 26 de outubro de 2012, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA

PP
PP

O Sr. Piñeiro García entra no salón comezada a sesión, no punto número tres.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 9/12, DO 28 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 9/12, do 28 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 14.801 Á Nº 16.800, DE 2012.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 14.801 á nº 16.800, de 2012.

(Entra no salón o Sr. Piñeiro García).

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE ATRIBÚE O RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA AO DEPUTADO DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 15.667, do 01.10.2012, pola que se lle atribúe o réxime de dedicación exclusiva ao deputado provincial D. Perfecto Vázquez Lema.

4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE NOVEMBRO DE 2012.

INTERVENCIONES

Sr. Presidente

Este punto, saben vostedes que facemos ou tentamos adiantar o Pleno de novembro unhas semanas para aprobar aí o orzamento e que poida entrar o 1 de xaneiro sen ter a necesidade de prorrogalo, por tanto, en principio, o que temos que votar é, primeiro, ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

Ratifícase, por unanimidade, a inclusión deste punto na orde do día e vótase o punto que se aproba tamén por unanimidade.

ACORDO

“Don Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que convén garantir que a tramitación dos presupostos da Deputación remate o antes posible, de xeito que os ditos presupostos poidan entrar en vigor coincidindo co inicio do exercicio 2013, o que resultaría moi difícil ou imposible de celebrarse o próximo Pleno na data prefixada do día 30 de novembro.

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido na sesión do 29 de xullo de 2011,

PROPÓNOLLE AO PLENO, despois da ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao mes de novembro de 2012 celebrarase o día 23 de novembro, venres, a partir das doce horas”.

5.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E DO TEXTO DO CONVENIO COA ENTIDADE ASPACE PARA FINANCIAMENTO DA OBRA DE ADAPTACIÓN DO PAVILLÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL EN OSEDO (SADA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os informes dos Servizos de Fomento, de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización, procede aprobar a modificación proposta para a formalización da subvención e o texto do Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña, e a entidade ASPACE Asociación de pais de persoas con parálise cerebral, CIF G-15031529, e sede en Osedo, Sada, para financiamento das obras de adaptación do pavillón para Centro de atención integral para persoas con parálise cerebral, en Osedo, Sada, cunha achega máxima da Deputación de 18.880 euros, que supón o 79,467% do orzamento subvencionado, o orzamento total é de 22.500 euros, e que se aboará de conformidade coa cláusula VI e VII do texto do convenio, con cargo á aplicación presupostaria 0701/231G/48, documento contable RC

núm. operación 220120028014 con data do 11 outubro 2012, (núm. referencia 22012007439) do orzamento vixente”.

6.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E DO TEXTO DO CONVENIO COA ENTIDADE SARELA PARA O FINANCIAMENTO DA III FASE DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DA FASE II DO CENTRO DE DÍA E OCUPACIONAL EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os informes dos Servizos de Fomento, de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización, procede aprobar a modificación proposta, para a formalización da subvención e o texto do Convenio de colaboración entre a Excma Deputación Provincial da Coruña e a entidade Sarela (asociación de dano cerebral de Compostela) CIF: G-15.775.604 e sede en Santiago de Compostela, para financiamento da 3ª fase de execución da FASE II do Centro de día e ocupacional en Santiago de Compostela, cunha achega da Deputación de 250.000 euros, que supón o 50,81% do orzamento subvencionado, o orzamento total é de 492.000 .euros, e que se aboará de conformidade coa cláusula VI e VII do texto do convenio, con cargo á aplicación presupostaria 0701/231E/781, documento contable RC núm. operación 220110000175 con data do 15/02/12. (núm. referencia 22011000694) do orzamento vixente”.

7.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO COA ENTIDADE A CREBA PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA CENTRO OCUPACIONAL EN RIBEIRA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os informes dos servizos de Fomento, de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización, procede aprobar a modificación proposta, para a formalización da subvención e o texto do Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a entidade A CREBA (asociación pro saúde mental con sede en Noia) CIF G-15476310, para acondicionamento de local para Centro asistencial A Creba Barbanza, situado en Ribeira, cunha achega da Deputación de 59.126,79 euros, que supón o 47,027 % do orzamento subvencionado, o orzamento total é de 125.728,12 euros, e que se aboará de conformidade coas cláusulas VI e VII do convenio, con cargo á aplicación presupostaria 0701/231E/781 documento contable RC núm. de operación 220120012148, do 11/05/12, (núm. de referencia 22012004079) do vixente orzamento”.

8.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DA SUBVENCIÓN E APROBACIÓN DO CONVENIO COA ENTIDADE ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO) PARA FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN NO LECER NOCTURNO “EDUCANDO NO LECER”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a concesión da subvención e o texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a entidade ASFEDRO (asociación ferrolá para estudo e prevención das drogodependencias) CIF – 15072010, con sede en Ferrol, para financiamento dun programa de intervención no lecer nocturno “ Educando no lecer”, na comarca de Ferrolterra, cunha achega da Deputación de 17.880,00 euros, que supón o 79,46% do orzamento subvencionado, o orzamento total é de 22.500 euros, e que será aboado de conformidade coas cláusulas VI e VII do texto do convenio, con cargo á aplicación presupostaria 0701/231G/481 documento contable RC nº operación 220120028014 con data do 11 outubro 2012 (nº referencia 22012004739) do vixente orzamento.”

Nº /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO) PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN NO LECER NOCTURNO “EDUCANDO NO LECER”.

Na Coruña o

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Dña. Olga Basterrechea Cubeiro, presidente da **ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO).**

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO) ten como fins intentar significar a grave complexidade da droga e a defensa e protección do individuo e a colectividade ante o consumo, promoción e emprego das drogas tóxicas, estupefacientes e análogos. Esta asociación desenvolve as súas actividades no ámbito comarcal de Ferrolterra.

É competente a Deputación, para o previsto no Convenio, conforme á Lei de bases de réxime local 7/85, art. 36, e a de Admón. local de Galicia, 5/97, art. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración.

A Deputación colabora no financiamento dos servizos sociais especializados, como é este caso, xa que son actividades para a toma de conciencia colectiva e individual sobre o dano xerado polo emprego e uso destas substancias, sempre que ditos servizos os presten entidades de iniciativa social, (sen ánimo de lucro), como é o caso da entidade beneficiaria, e suplindo ou completando as competencias das administracións públicas. Neste caso consta a colaboración expresa de varios concellos de Ferrolterra e arredores que ceden locais ou lugares onde realizar as actividades que ten convenio de colaboración para eses fins.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 62 e 63 , os concellos deben colaborar no fomento dos servizos que prestan as entidades de iniciativa social, e a Deputación é competente para dar apoio aos concellos nas prestacións dos servizos sociais. Neste caso está claro o interese provincial da actividade posto que do servizo poderanse beneficiar usuarios procedentes e derivados dos Concellos de Ferrolterra, como Narón, Ferrol, Fene, Neda, Cedeira, Cariño, Ortigueira e tamén Zas, A Coruña e Cambre.

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade de ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO)**, CIF G-15072010, para o financiamento dun programa de intervención no lecer nocturno “Educando no lecer” na comarca de Ferrolterra co obxectivo de crear un espazo de referencia adaptado aos cambios, con capacidade de escoita e como alternativa sólida ao uso de drogas como fonte de diversión na xuventude. Achegar as ferramentas necesarias para espertar a súa actitude crítica e reflexiva sobre as drogas.

As zonas de traballo serán prioritariamente os concellos da área de Ferrolterra e comarca, pero tamén haberá actividades abertas ao resto da poboación nova da provincia.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	Nº UNIDADES	PREZO UNITARIO	IMPORTE
1. GASTOS DE PERSOAL			
1.1. Soldos e salarios e Seguridade Social a cargo da entidade	Persoal técnico especializado e de coordinación (1 monitor e 1 educador)		16.118
2. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS			
2.1. Deseño da impresión tanto da publicidade como da información			1.000
2.2. Material funxible e didáctico			700
2.3 Formación monitor e coordinador:			
	2.3.1 Asistencia a curso “Análise de substancias: “Test colorimétricos”		253
	2.3.2 Gastos de viaxe e aloxamento		584
	2.3.3 Axudas de custo e desprazamentos na viaxe		120

2.4 Axudas de custo correspondentes ao desenvolvemento das actividades nos distintos concellos				300
2.5 Aluguer de carpa				500
3. CUSTOS INDIRECTOS				
Auga e electricidade				1.025
Combustible e transporte (peaxe, quilometraxe)				600
Teléfono				650
Limpeza				650
TOTAL (IVE incluído)*				22.500

* En caso de subas do IVE serán asumidos pola entidade.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1.-A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.880,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,467%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,467%**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0701/231G-481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a ASFEDRO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa...), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web...), carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- A entidade xustificará que tomará acordo de incluír na súa Memoria anual a axuda da Deputación e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- ◆ Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos usuarios atendidos polo concello e actividade, e dos resultados obtidos.
- ◆ Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- ◆ Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- ◆ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
- ◆ Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- ◆ Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- ◆ Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse entre o 1 de maio de 2012 e o 31 de decembro do 2012**, e deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE

BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 maio do presente ano 2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de abril do ano 2013.

2. Logo da solicitude previa da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número con data do dous mil nove

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN
FERROLÁ PARA O ESTUDO E A
PREVENCIÓN DAS
DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO)

Asdo.: Diego Calvo Pouso

Asdo.: Olga Basterrechea Cubeiro

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CESURAS PARA FINANCIAR AS OBRAS DE REALIZACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DOS LOCAIS SOCIAIS DE LOUREDA E PADERNE.

INTERVENCIONS

Sr. Regueira Varela

Bos días a todos e a todas. Está claro que a postura do BNG no proceso de fusión de Oza e Cesuras é coñecida por todos e todas os presentes, en todo caso parécenos que, tratándose dun acordo que aínda non é firme, é un procedemento que se está aínda instruindo, dános a sensación de que estes convenios deixan en evidencia que a fusión destes dous concellos non é tan eficiente desde o punto de vista

orxamentario como o que se pretende. É moi fácil, vendo a cantidade de convenios que se están propondo para o Pleno de hoxe relativos aos concellos de Cesuras e Oza, que todos os concellos desta provincia, se dalgunha maneira se nos convence de que imos ter unha cantidade inxente de convenios asinados pola Deputación, todos iniciariamos trámites para fusionarnos cos concellos veciños, despois pasaría o que pasaría, porque está por ver o que pasa finalmente con Oza e con Cesuras. Por tanto, a nós parécenos que isto é unha maneira case de comprar a vontade dos gobernos e dos veciños e veciñas deses dous concellos, a calquera concello desta provincia, repito, a Carballo, que é onde eu resido, se se nos di que imos ter 400 millóns de euros en convenios asinados pola Deputación, se procedemos a un trámite de fusión co concello veciño, se cadra iniciamos os trámites, despois pasará o que pasará.

Por tanto, como entendemos que isto vai dar lugar a que non se trate igual a todos os concellos da provincia, do punto 9 ao 16 ímonos abster.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. Nos puntos 9 ao 16, ambos os dous incluídos, tráense oito convenios, seis para Cesuras e dous para Oza dos Ríos, que non entendemos cal é a razón pola cal a un concello se lle dan seis convenios, a outro se lle dan dous, e aos outros concellos da provincia, ningún. O Grupo Socialista nunca se opuxo a que a Deputación apoiase financeiramente a calquera concello da provincia, para iso estamos, o que non entendemos é a razón, si a entendemos, pero non nos parece xusta, a razón pola cal se fai esta discriminación con estes dous concellos.

Todos lembramos que no debate do estado da autonomía deste ano, o presidente da Xunta sacou da chistera a posible fusión de dous concellos, Oza e Cesuras, como un intento de centrar o debate nesa cuestión, para deixar de falar doutras cuestións que preocupan máis á cidadanía, e todos asistimos atónitos a declaracións en medios de comunicación, e lemos na prensa escrita que había un compromiso que chegaba ata un millón e medio de euros, para eses dous concellos por parte da Deputación, da Xunta e do Goberno de España, para estimular os cidadáns a apoiar unha fusión que non resolve nada. Gústanos moito máis o consorcio virtual que imos aprobar uns puntos máis adiante, que unha fusión que non soluciona absolutamente nada, porque dous municipios que suman entre os dous 5.000 habitantes, non soluciona nada.

Pasa tamén o que dicía o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, oia, se isto vai ser así, avísenos, porque haberá unha fervenza de fusións que logo, posiblemente, non se materializarán, porque é dubidoso desde o punto de vista legal que o acordo plenario adoptado polos dous concellos de Oza e Cesuras por maioría absoluta, sexa un elemento que valla para iniciar un procedemento de fusión.

Por outra banda, sorpréndenos tamén que non se destina este diñeiro a financiar servizos públicos esenciais, que sería o lóxico. Por estas razóns, nós non imos votar en contra, porque entendemos que a Deputación non se pode nunca negar a apoiar a un concello economicamente, pero imos absternos, porque queremos deixar constancia de que non nos parece un método xusto e un método razoable, e non nos parece

xustificable tentar estimular dalgunha maneira a fusión, e cambiar a mentalidade, ou a forma de pensar dos cidadáns, con diñeiro ante algo que ten outras vías, e tense que facer con outro convencemento, e razóns hai para estimular os consorcios de servizos.

Por tanto, anunciamos o voto de abstención do Grupo Socialista do punto número 9 ao punto 16, ambos os dous incluídos.

Sr. Ruiz Rivas

Bos días, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, a min os argumentos que hoxe escoitei lémbrenme moito a unha anécdota que sucedeu preto de 50 anos atrás, naquela ocasión por primeira vez tiña Galicia a posibilidade de que o Papa visitase Santiago. Para ese efecto o arcebispo naquel momento dirixiuse ao xefe do estado e díxolle que o aeroporto de Lavacolla non tiña todos os elementos de seguridade e podería conter outras melloras que facilitarían o que era a visita do Santo Pai. Naquel momento o xefe do estado o que lle contestou é “e se non vén?”, ao que inmediatamente contestou o Sr. arcebispo “e se vén?”, pois este é o mesmo caso.

Eu creo que estes dous concellos, primeiro manifestaron o seu interese en facer algo que dificilmente farían outros concellos, que é dar a cara pola súa fusión, dar a cara por pensar que o benestar dos veciños vai estar máis garantido cunha fusión, cun só concello, que iso vai garantir unha maior eficiencia no gasto público, e todas esas accións, xa no seu momento e aquí mesmo díxose por parte do presidente da Deputación, ían ser fomentadas e axudadas polo que é a institución provincial. Eu creo que hoxe iso se pode entender como unha mostra desa axuda a aqueles concellos que queiran dar o paso en firme, como deron estes dous concellos de cara á súa fusión, pero se así non fora, eu creo que non se está facendo nada que non se fixo con outros concellos, que non se vaia facer hoxe mesmo nalgún dos puntos que aquí tratamos para outros concellos, e as obras quedarán, quedarán para o benestar dos veciños deses concellos, e quedarán para tapar necesidades deses concellos. Por tanto, veña ou non veña, o que imos facer é ter uns concellos con mellores dotacións de servizos, uns veciños que se poden aproveitar do que hoxe fai a Deputación provincial e por outra banda creo que é un exemplo, un estímulo para que outros concellos sigan o seu paso. Por tanto, recordo que hai 50 anos tamén tivemos que esperar a esa visita papal, que se produciu máis tarde, hoxe estaríamos preparados xa para que puidese visitarnos, este é o mesmo caso e, por tanto, o noso Grupo vai aprobar todos e cada un dos puntos entre o 9 e o 16, lembrando que os 300.000 euros son para ambos os concellos, e por tanto, creo que así o temos que entender.

Sr. Presidente

Antes de pasar á votación que, se lles parece podemos facer, xa que anunciaron o sentido do voto, do 9 ao 16 ambos inclusive, podemos votar, aprobalos todos xuntos, dicirlle ao portavoz do BNG que 400 millóns de euros non imos poder...

Sr. Regueira Varela

400.000, perdón.

Sr. Presidente

Ah, vale, pois se son 400.000, a Deputación seguro que estará disposta a axudar ao Concello de Carballo e a outro co que vostedes se queiran fusionar, non teñan vostedes dúbida, porque o anunciamos así hai tempo, e seguímolo mantendo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cesuras para financiar as obras de MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DOS LOCAIS SOCIAIS DE LOUREDA E PADERNE; cunha achega provincial de 54.728,70 euros, o que supón unha porcentaxe de financiamento do 100 % sobre un orzamento subvencionable de 54.728,70 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/151B/762.01 do vixente orzamento.”

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA DE MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO E LOCAIS SOCIAIS DE LOUREDA E PADERNE T.M. CESURAS

Na Coruña, o na sede da DEPUTACIÓN Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr.D. Julián Lucas Ramírez Alcalde Presidente do Concello de Cesuras

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cesuras ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cesuras con CIF P-1502600-H, para o financiamento **DA OBRA DE MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO E LOCAIS SOCIAIS DE LOUREDA E PADERNE T.M. CESURAS** tal como esta aparece definida no proxecto técnico de execución redactado por D./Antonio López Panete , (ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL)

2- O CONCELLO DE CESURAS, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra **DE MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO E LOCAIS SOCIAIS DE LOUREDA E PADERNE T.M. CESURAS** está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o CONCELLO DE CESURAS, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, repártese co seguinte detalle:

P. E.M:	38.975,00 €
13,00 %GASTOS XERAIS	5.066,75 €
6,00 %BENEFICIO INDUSTRIAL	2.338,50 €
18,00 %IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	8.348,45 €
PRESUPUESTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	54.728,70 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 54.728,70 € o que representa unha porcentaxe do 100% do presuposto de execución das obras

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de

proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/151B/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao concello DE CESURAS que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello de Cesuras obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE CESURAS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o concello DE CESURAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o concello DE CESURAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, O CONCELLO DE CESURAS estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

(Se o importe da subvención non supera os 30.000 euros abondará con que se faga constar o financiamento provincial na documentación administrativa do expediente e na publicidade que se acorde facer da obra)

(E para subvencións por importe superior aos 60.000 euros).

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do concello DE CESURAS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
2. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
2. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
6. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello DE CESURAS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
7. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello DE CESURAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o concello DE CESURAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
2. Unha vez rematadas as obras, o concello DE CESURAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Cesuras para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o CONCELLO DE CESURAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O CONCELLO DE CESURAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE CESURAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello DE CESURAS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o concello DE CESURAS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 € E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello DE CESURAS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CESURAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2013 quedando condicionado o seu pago a existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade 2013.**

2. Para o caso de que O CONCELLO DE CESURAS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro** de 2013 deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello DE CESURAS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten NATUREZA administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CESURAS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da XURISDICIÓN contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita XURISDICIÓN, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CESURAS

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.: JULIÁN LUCAS RAMÍREZ

10.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CESURAS PARA FINANCIAR AS OBRAS DE MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DA IGREXA DE TRABA E DA CAPELA DE SANTO ANTONIO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cesuras para financiar as obras de mellora e acondicionamento do contorno da Igrexa de Traba e da Capela de Santo Antonio, T. M. Cesuras, cunha achega provincial de 62.576,64 euros, que supón unha porcentaxe de financiamento do 100% sobre un orzamento subvencionable de 62.576,64 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/151B/762.01.”

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DA IGREXA DE TRABA E DA CAPELA DE SANTO ANTONIO T.M. CESURAS

Na Coruña, o de dous mil doce na sede da DEPUTACIÓN Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte D. Julián Lucas Ramírez, Alcalde Presidente do Concello de Cesuras.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cesuras ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cesuras con CIF P1502600H, para o financiamento das obras de acondicionamento da igrexa de Traba e da Capela de Santo Antonio. T.M.CESURAS:

2- O Concello de Cesuras, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar dos proxectos, nos que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa

dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. Os ditos proxectos foron supervisados polos Servizos Técnicos da Deputación e contan con informes favorables.

3- As obras están perfectamente definidas nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorporan os proxectos, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Cesuras, comprométese a destinalas a uso público para o que están previstas.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata das obras, segundo os proxectos técnicos aos que se fai referencia na cláusula anterior, ascende a 62.576,64 € segundo o seguinte detalle:

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	44.563,91 €
GASTOS XERAIS 13%:	5.793,31 €
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%:	2.673,83 €
18% IVE:	9.545,59 €
TOTAL PRESUPOSTO CONTRATA:	62.576,64 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 62.576,64 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/151B/76201** para as obras de acondicionamento da igrexa de Traba e da Capela de Santo Antonio. T.M.CESURAS, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Cesuras o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o Concello de Cesuras axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Cesuras tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Cesuras estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Cesuras pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

a.- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta

Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Cesuras, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Cesuras na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Cesuras terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia que se estableza no correspondente convenio.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Cesuras deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia que se estableza no correspondente convenio

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Cesuras para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Cesuras da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Cesuras deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Cesuras destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Cesuras poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Cesuras queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Cesuras serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Cesuras será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2013 quedando condicionado o seu pago a existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade 2013.**
2. Para o caso de que o Concello de Cesuras non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Cesuras perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten NATUREZA administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Cesuras, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da XURISDICIÓN contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita XURISDICIÓN, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo plenario con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CESURAS

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.: JULIÁN LUCAS RAMÍREZ

11.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CESURAS PARA FINANCIAR AS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS EN CESURAS, PARROQUIA DE BRAGADE, PROBADOS E FIGUEREDO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cesuras para financiar as obras de CONSERVACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS EN CESURAS, PARROQUIA DE BRAGADE, PROBADOS E FIGUEREDO, T. M. CESURAS, cunha achega provincial de 29.652,34 euros que supón unha porcentaxe de financiamento do 100% sobre un orzamento subvencionable de 29.652,34 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/151B/762.01 do vixente orzamento.”

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS EN CESURAS PARROQUIA DE BRAGADE, PROBAOS E FIGUEREDO T.M. CESURAS

Na Coruña, o de dous mil doce na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte D. Julián Lucas Ramírez, Alcalde Presidente do Concello de Cesuras.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cesuras ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cesuras con CIF P1502600H, para o financiamento das obras de:

Conservación e rehabilitación de Fontes e Lavadoiros en Cesuras, parroquia de Bragade, Probaos e Figueredo,

2- O Concello de Cesuras, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar dos proxectos, nos que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. Os ditos proxectos foron supervisados polos Servizos Técnicos da Deputación e contan con informes favorables.

3- As obras están perfectamente definidas nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorporan os proxectos, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Cesuras, comprométese a destinalas a uso público para o que están dispostas.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata das obras, segundo os proxectos técnicos aos que se fai referencia na cláusula anterior, ascende a 29.652,34 € segundo o seguinte detalle:

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	21.116,89 €
GASTOS XERAIS 13%:	2.745,20 €
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%:	1.267,01 €
18% IVE:	4.523,24 €
TOTAL PRESUPOSTO CONTRATA:	29.652,34 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 29.652,34 euros, o que representa unha porcentaxe do 100,00%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada... Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras,

coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/151B/76201 para as obras de Conservación e rehabilitación de Fontes e Lavadoiros en Cesuras, parroquia de Bragade, Probaos e Figueredo na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Cesuras o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Cesuras axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Cesuras tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Cesuras estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Cesuras pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

a.- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta

Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Cesuras, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Cesuras na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Cesuras terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia que se estableza no correspondente convenio.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Cesuras deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia que se estableza no correspondente convenio

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Cesuras para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Cesuras da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Cesuras deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Cesuras destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Cesuras poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Cesuras queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.
5. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Cesuras serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Cesuras será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2013 quedando condicionado o seu pago a existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade 2013.**
2. Para o caso de que o Concello de Cesuras non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Cesuras perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten NATUREZA administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18

de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Cesuras, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da XURISDICIÓN contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita XURISDICIÓN, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo plenario con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CESURAS

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.: JULIÁN LUCAS RAMÍREZ

12.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CESURAS PARA FINANCIAR A OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E RESTAURACIÓN DO MURO EN LUGAR DO FORTE (BRAGADE) E MELLORA DAS VÍAS NAS PARROQUIAS DE BRAGADE, TRABA E PADERNE.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cesuras para financiar as obras de CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E RESTAURACIÓN DO MURO EN LUGAR DO FORTE (BRAGADE) E MELLORA DAS VÍAS NAS PARROQUIAS DE BRAGADE, TRABA E PADERNE que supón unha porcentaxe de financiamento do 100% sobre un orzamento subvencionable de 36.853,85 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/453D/762.01.

Dado que o importe correspondente aos custos derivados da xestión de residuos non se inclúe no orzamento total do proxecto, o presente convenio deberá quedar condicionado á asunción do devandito importe por parte do concello de Cesuras, para o que se deberá achegar copia do documento contable RC expedido polo concello que asegure a dispoñibilidade do financiamento dos citados custos de xestión de residuos antes da formalización do convenio.”

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E RESTAURACIÓN DO MURO NO LUGAR DO FORTE (BRAGADE) E MELLORA DAS VÍAS NAS PARROQUIAS DE BRAGADE, TRABA E PADERNE.

Na Coruña, o de dous mil doce na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte D. Julián Lucas Ramírez, Alcalde Presidente do Concello de Cesuras.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cesuras ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de Colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cesuras con CIF P1502600H, para o financiamento da obra de:

- Construción de beirarrúas e restauración do muro no lugar do Forte (Bragade) e mellora das vías nas parroquias de Bragade, Traba e Paderne, 36.853,85 euros (IVE engadido)

2- O Concello de Cesuras, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar dos proxectos, nos que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. Os ditos proxectos foron supervisados polos Servizos Técnicos da Deputación e contan con informes favorables.

3- As obras están perfectamente definidas nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorporan os proxectos, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa

de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Cesuras, comprométese a destinalas a uso público para o que están dispostas.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata das obras, segundo os proxectos técnicos aos que se fai referencia na cláusula anterior, ascende a 36.853,85 euros segundo o seguinte detalle:

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:.....	26.245,44 €
GASTOS XERAIS 13%:.....	3.411,91 €
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%:.....	1.574,73 €
18% IVE:.....	5.621,77 €
TOTAL PRESUPOSTO CONTRATA:.....	36.853,85 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 36.853,85 euros, o que representa unha porcentaxe do 100,00%.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/453D/76201 para as obras de CONSTRUCCIÓN de beirarrúas e restauración do muro no lugar do Forte (Bragade) e mellora das vías nas parroquias de Bragade, Traba e Paderne na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Cesuras o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o Concello de Cesuras axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que o Concello de Cesuras tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un

exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Cesuras estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Cesuras pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

a.- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta

Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Cesuras, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Cesuras na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Cesuras terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen

desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia que se estableza no correspondente convenio.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Cesuras deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia que se estableza no correspondente convenio

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Cesuras para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Cesuras da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Cesuras deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Cesuras destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Cesuras poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Cesuras queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Cesuras serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Cesuras será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do 2013, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio.**

2. Para o caso de que o Concello de Cesuras non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2013**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Cesuras perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Cesuras, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CESURAS

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.: JULIÁN LUCAS RAMÍREZ

13.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DA VALORACIÓN DE PARCELA NA PARAXE DA

BRAÑA, PARROQUIA DE REGUEIRA (OZA DOS RÍOS) PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA DEPURADORA MUNICIPAL DE AUGAS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co concello de Cesuras NIF: P1502600-H para o financiamento da valoración de PARCELA NA PARAXE DA BRAÑA, PARROQUIA DE REGUEIRA (OZA DOS RÍOS) PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA DEPURADORA MUNICIPAL, cunha achega provincial de 8.000,00 euros que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 0202/161A/76201 e que supoñen un coeficiente de financiamento dun 100 % do orzamento.”

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DA VALORACIÓN. PARCELA NO PARAXE DA BRAÑA, PARROQUIA DA REGUEIRA (OZA DOS RÍOS) PARA A CONSTRUCCIÓN DE DEPURADORA MUNICIPAL DE AUGAS,

Na Coruña o de dous mil doce.

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte o D. Julián Lucas Ramírez, Alcalde-Presidente do Concello de Cesuras.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cesuras ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cesuras, NIF P1502600H, para o financiamento da valoración da parcela:

- Parcela no paraxe da Braña, parroquia da Regueira (Oza dos Ríos) para a construción dunha depuradora municipal de augas (8.000,00 euros). REFERENCIA CATASTRAL:15064A016004690000DE

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello de Cesuras, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 8.000,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 8.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 100,00% de financiamento.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/161A/76201 para a depuradora por valor de 8.000,00 euros, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre as que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao Concello de Cesuras o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Cesuras, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe da adquisición supera os 18000,00 euros, con carácter previo á contratación, o Concello de Cesuras deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía,

debedo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase constar o importe do financiamento provincial
2. Adquirido o ben, o Concello de Cesuras deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta no disposto na base 56º das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Cesuras pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
 - A) Descrición física e xurídica do ben.
 - B) Identificación do titular ou titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles
 - C) Valoración pericial.
 - D) Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne
 - E) Determinación da data para a elevación á escritura pública.
- §1 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- §2 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Adquirido o ben, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- §1 Copia da escritura pública de adquisición.
- §2 Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Cesuras, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- §3 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- §4 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- §5 Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.

- §6 Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboadado co primeiro pago prepagable (40%).
- §7 Deberá acreditar terlles aboadado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia que se estableza no correspondente convenio.
2. Unha vez realizada a adquisición, o Concello de Cesuras deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia que se estableza no correspondente convenio.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Cesuras para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Cesuras da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Cesuras na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Cesuras terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- O Concello de Cesuras deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
 3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Cesuras destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito

ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Cesuras poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Cesuras queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do inmovible ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00^{DEL.} se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00^{DEL.}

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00^{DEL.} Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00^{DEL.} E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00^{DEL.}

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Cesuras serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan

incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Cesuras será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade na dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2013 quedando condicionado o seu pago a existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade 2013.**

2. Para o caso de que O CONCELLO DE CESURAS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro** de 2013, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario..

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Cesuras, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE- PRESIDENTE DO
PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DE CESURAS

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.: JULIÁN LUCAS RAMÍREZ

14.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CESURAS PARA FINANCIAR A VALORACIÓN DE PARCELA NA PARAXE DE SEIXAS, LUGAR DO FORTE, PARROQUIA DE BRAGADE, PARA AMPLIAR A INSTALACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DE SEIXAS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co concello de Cesuras NIF: P1502600-H para financiar a valoración de PARCELA NA PARAXE DE SEIXAS, LUGAR DO FORTE, PARROQUIA DE BRAGADE PARA AMPLIAR AS INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE SEIXAS, cunha achega provincial de 4.000,00 euros que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/76201 e que supoñen un coeficiente de financiamento dun 100 % do orzamento.”

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DA VALORACIÓN DE PARCELA NO PARAXE DE SEIXAS, LUGAR DO FORTE, PARROQUIA DE BRAGADE PARA A AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SEIXAS.

Na Coruña o de dous mil doce.

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte o D. Julián Lucas Ramírez, Alcalde-Presidente do Concello de Cesuras.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cesuras ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cesuras, NIF P1502600H, para o financiamento da valoración de dúas parcelas:

- Parcela no paraxe de Seixas, lugar do Forte, parroquia de Bragade para a ampliación das instalacións do campo de fútbol de Seixas (4.000,00 euros). REFERENCIA CATASTRAL: 15026A048005130000QY E CON PARTE DA REFERENCIA CATASTRAL: 15064A048005240000QO

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello de Cesuras, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 4.000,00 euros en total.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 4.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 100,00% de financiamento.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/76201 para o campo de fútbol por valor de 4.000,00 euros, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o

seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao Concello de Cesuras o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Cesuras, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe da adquisición supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o Concello de Cesuras deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase constar o importe do financiamento provincial

2. Adquirido o ben, o Concello de Cesuras deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta no disposto na base 56º das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Cesuras pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:

A) Descrición física e xurídica do ben.

B) Identificación do titular ou titulares coa cota que lles corresponda a cada un

deles

C) Valoración pericial.

D) Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne

E) Determinación da data para a elevación á escritura pública.

1. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

2. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Adquirido o ben, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Copia da escritura pública de adquisición.
2. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Cesuras, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
5. Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
6. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable (40%).
7. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia que se estableza no correspondente convenio.
2. Unha vez realizada a adquisición, o Concello de Cesuras deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia que se estableza no correspondente convenio.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Cesuras para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Cesuras da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Cesuras na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Cesuras terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Cesuras deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos

correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Cesuras destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Cesuras poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Cesuras queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do inmovible ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00^{del.} se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00^{del.}

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00^{del.} Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00^{del.} E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao

máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00[€].

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Cesuras serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Cesuras será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade na dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2013 quedando condicionado o seu pago a existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade 2013**
2. Para o caso de que a **O CONCELLO DE CESURAS** non poida ter **ADQUIRIDO O INMOBLE** e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2013**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2013. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario..

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Cesuras, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE- PRESIDENTE DO
PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DE CESURAS

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.: JULIÁN LUCAS RAMÍREZ

15.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE FORMACIÓN DE BEIRARRÚAS NA PISTA DE TENIS A VEIGA (OZA DOS RÍOS).

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co concello de Oza dos Ríos para financiar as obras incluídas no proxecto de obras de formación de beirarrúas de Pista de Tenis A Veiga, concello de Oza dos Ríos, cunha achega de 90.274,35 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%) sobre un orzamento subvencionable de 112.842,94 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/453D/762.01.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE FORMACIÓN DE BEIRARRÚAS EN PISTA DE TENIS A VEIGA CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr.D. Pablo González Cacheiro Alcalde Presidente do Concello de Oza dos Ríos

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Oza dos Ríos ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza dos Ríos con CIF P-1506400-I, para o financiamento das **OBRAS DE FORMACIÓN DE BEIRARRÚAS EN PISTA DE TENIS A VEIGA, CONCELLO DE OZA DOS RÍOS**; tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por D./Antonio López Panete , (ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL)

2- O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra **PISTA DE TENIS A VEIGA**; está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o concello DE OZA DOS RÍOS, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, repártese co seguinte detalle:

MAN DE OBRA.....	37.145,14 €
MAQUINARIA.....	10.887,52 €
SUMA MAN DE OBRA E MAQUINARIA.....	48.032,66 €
MATERIAIS.....	54.923,97 €
IVE MATERIAIS.....	9.886,31 €
TOTAL ORZAMENTO MATERIAIS.....	64.810,28 €
TOTAL ORZAMENTO-----	112.842,94 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 90.247,35 € o que representa unha porcentaxe do 80,00% do presuposto de execución das obras. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustifico non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/453D/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao concello DE OZA DOS RÍOS que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello de Oza dos Ríos obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE OZA DOS RÍOS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o concello DE OZA DOS RÍOS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”. E en no caso de que as obras se executen por Administración deberán axustarse ao disposto na lexislación de contratos do sector público
- 4.- No caso de que o concello DE OZA DOS RÍOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do concello DE OZA DOS RÍOS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- i. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- ii. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- iii. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- iv. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- v. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- i. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta

- ii. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- iii. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- iv. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- v. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- vi. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello DE OZA DOS RÍOS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- vii. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello DE OZA DOS RÍOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o concello DE OZA DOS RÍOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o concello DE OZA DOS RÍOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Oza dos Ríos para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o CONCELLO DE OZA DOS RÍOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas

tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello DE OZA DOS RÍOS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o concello DE OZA DOS RÍOS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co

límite de 75,00 ^{da.}. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello DE OZA DOS RÍOS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE OZA DOS RÍOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1 O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2013 quedando condicionado o seu pago a existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade 2013.**

2. Para o caso de que O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro** de 2013 deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello DE OZA DOS RÍOS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE OZA DOS RÍOS, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.: PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO

16.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS PARA FINANCIAR AS OBRAS DE FORMACIÓN DE BEIRARRÚAS NA PENEXA, PARROQUIA DE PARADA (OZA DOS RÍOS).

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co concello de Oza dos Ríos para financiar as obras incluídas no proxecto de obras de formación de beirarrúas na Penexa, concello de Oza dos Ríos cunha achega de 65.127,59 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80 %) sobre un orzamento subvencionable de 81.409,49 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/453D/762.01.”

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS PARA O FINANCIAMENTO DA

REALIZACIÓN DAS OBRAS DE FORMACIÓN DE BEIRARRÚAS NA PENEXA, PARROQUIA DE PARADA CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr.D. Pablo González Cacheiro Alcalde Presidente do Concello de Oza dos Ríos

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Oza dos Ríos ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza dos Ríos con CIF P-1506400-I, para o financiamento das **OBRAS DE FORMACIÓN DE BEIRARRÚAS NA PENEXA, PARROQUIA DE PARADA, CONCELLO DE OZA DOS RÍOS**; tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por D./Antonio López Panete , (ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL)

2- O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra **A PENEXA, PARROQUIA DE PARADA**; está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o concello DE OZA DOS RÍOS, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, repártese co seguinte detalle:

MAN DE OBRA	_____	26.743,38 €
MAQUINARIA	_____	7.534,50 €

MATERIAIS	39.942,04 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO 18% s/MATERIAIS	7.189,57 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	81.409,49 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 65.127,59 € o que representa unha porcentaxe do 80,00% do presuposto de execución das obras
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/453D/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao concello DE OZA DOS RÍOS que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello de Oza dos Ríos obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE OZA DOS RÍOS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o concello DE OZA DOS RÍOS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- No caso de que o concello DE OZA DOS RÍOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25

metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

(Se o importe da subvención non supera os 30.000 euros abondará con que se faga constar o financiamento provincial na documentación administrativa do expediente e na publicidade que se acorde facer da obra)

(E para subvencións por importe superior aos 60.000 euros).

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do concello DE OZA DOS RÍOS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- i. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- ii. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- iii. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- iv. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- v. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- i. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- ii. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- iii. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- iv. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- v. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- vi. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello DE OZA DOS RÍOS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- vii. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello DE OZA DOS RÍOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o concello DE OZA DOS RÍOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o concello DE OZA DOS RÍOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Oza dos Ríos para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o CONCELLO DE OZA DOS RÍOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello DE OZA DOS RÍOS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o concello DE OZA DOS RÍOS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello DE OZA DOS RÍOS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE OZA DOS RÍOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2013 quedando condicionado o seu pago a existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade 2013.**

2. Para o caso de que O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro** de 2013 deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello DE OZA DOS RÍOS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE OZA DOS RÍOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.: PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO

17.-APROBACIÓN DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE INCLUIRÁN NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2012-2015.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2012-2015, cuxo texto se acompaña como anexo.

2.- Expor ao público as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2012-2015 mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 15 días de exposición pública e se non se presentan reclamacións consideraranse definitivamente aprobadas.

3.- Dar instrucións aos técnicos redactores dos proxectos para que inclúan dentro das unidades de obra do proxecto as relativas a reposición de peches e muros.”

BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2012-2015

1.–Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto establecer a colaboración entre a Deputación e os concellos para executar os proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2012-2015, coa finalidade de mellorar as infraestruturas da provincia e contribuír a unha mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

2.–Actuación en fases.

Aprobación da programación inicial.–A Deputación Provincial da Coruña, tras os informes previos e estudos técnicos formulados polo Servizo de Vías e Obras Provinciais, e mediante os correspondentes acordos plenarios poderá acordar a aprobación de sucesivas fases do plan conforme aos trámites regulados nas presentes bases.

Serán criterios obxectivos para seleccionar os proxectos de travesías os seguintes:

- a. Perigosidade da estrada. Existencia de puntos negros
- b. A necesidade de ampliación ou de variantes
- c. O estado do firme
- d. A intensidade media do tráfico
- e. A necesidade de comunicación entre núcleos de poboación
- f. A circulación intensa de vehículos pesados

Para estes efectos o Pleno da corporación acordará a aprobación da programación inicial da correspondente fase do plan, que incluírá os proxectos que lles serán remitidos aos concellos nos termos da base 3.^a.

Se algún proxecto que se integre nos plans de travesías tivese unha partida para reposición de cerramentos consideraranse como parte integrante do presuposto da obra e non se incluírá como valoración de expropiacións e polo tanto será asumido pola Deputación.

Tamén se incluíran nos proxectos técnicos correspondentes as unidades de traslado de postes de enerxía eléctrica nos termos do convenio subscrito entre a deputación e as entidades subministradoras

3.–Tramitación.

3.1.–Remisión de proxectos.–A Deputación, dentro do prazo de 5 días contados dende a aprobación da programación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, remitiralle ao concello unha copia do proxecto de travesías que lle afecte, incluída na respectiva fase.

3.2.–Adopción de acordos polos concellos.–Os concellos no prazo de 40 días naturais contados dende a data de recepción dos proxectos remitidos pola Deputación, deberán enviarlle á Deputación a seguinte documentación:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á Deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da Deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a Deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola Deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando a Deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola Deputación por delegación do concello. Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterá unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter meramente orientativo por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

- B. Certificación do Pleno da corporación municipal na que consten os seguintes acordos:
- a) Aprobación do proxecto e autorización á Deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.
 - b) Conformidade coas presentes bases.
 - c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.
 - d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.

4.–Modificación dos proxectos.

Os concellos, dentro do prazo establecido na cláusula anterior, poderán redactar, en coordinación co Servizo de Vías e Obras Provinciais, a modificación do proxecto aprobado na programación inicial. A modificación referirase unicamente e exclusivamente a variación no número de unidades de obra ou de instalacións ou modificación que supoñan un maior número de metros lineais de actuación.

Estes proxectos deberán comprender toda a documentación a que se refire o artigo 123 do TRLCSP.

O proxecto, acompañado dunha memoria xustificativa onde se expliquen as modificacións introducidas deberá presentarse no prazo indicado na base 3.^a.

En calquera caso o maior custo de obra que se derive da modificación do proxecto deberá ser asumido polo concello, para estes efectos xunto co proxecto e memoria acompañarase, ademais

a documentación referida na base 3.^a, o correspondente acordo plenario polo cal o concello se compromete a financiar o maior custo da obra e expropiacións respecto á inicialmente disposta, aboándolle o dito importe á Deputación no prazo máximo de 3 meses contados dende a adxudicación da obra, facultando así mesmo a Deputación a que perciba este importe mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola Deputación por delegación do concello.

Someterase a supervisión dos servizos técnicos da Deputación a modificación do proxecto. Para que o proxecto poida incluírse na aprobación provisional da correspondente fase do plan requirirase o informe favorábel dos ditos servizos técnicos.

5.–Aprobación provisional.

5.1.–Transcorrido o prazo a que se refire a base 3.^a, o Pleno da Deputación poderá acordar a aprobación provisional da correspondente fase do Plan de travesías 2012-2015, daqueles proxectos que se axustan ao disposto nas presentes bases e tras a existencia previa de crédito adecuado e suficiente.

5.2.–Quedarán excluídos da correspondente fase do plan aqueles proxectos de travesías que se encontran nalgunha das situacións que a continuación se indican:

A) Nos supostos de que o concello respectivo non presentara a documentación esixida da cláusula 3.^a ou a documentación presentada resultara insuficiente ou incompleta.

B) Nos casos en que a documentación esixida na base 3.^a fose presentada fóra de prazo.

C) Nos supostos de modificación de proxecto a que se refire a base 4.^a, cando este non se axuste aos requisitos establecidos na citada base.

6.–Exposición pública e aprobación definitiva.

Os proxectos que integran a correspondente fase do Plan de travesías unha vez aprobados provisionalmente serán sometidos a información pública por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran en caso de non presentarse reclamacións.

7.–Contratación das obras e financiamento.

A Deputación contratará, dirixirá e inspeccionará as obras e financiaraas nos termos dispostos nas presentes bases e acordos plenarios de aprobación das distintas fases do plan.

Ademais dos supostos de cofinanciamento establecidos nas presentes bases, a Deputación de mutuo acordo cos concellos, poderá acordar que para o financiamento de determinadas obras ou fases do Plan de travesías, os concellos financiarán nunha porcentaxe a execución das obras, en cuxo caso os concellos deberán adoptar o correspondente acordo plenario polo que se compromete ao cofinanciamento das obras, debendo efectuar a súa achega no prazo de 3 meses contados dende a adxudicación das obras, facultando á Deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo aos importes que lles puideran corresponder aos distintos plans da Deputación até satisfacer a totalidade da débeda.

Calquera incremento do prezo do contrato derivado de modificacións do contrato, reformados, revisión de prezos, liquidacións, etc., será aboado pola Deputación e, no seu caso, polo concello, de acordo coas porcentaxes de financiamento dos proxectos iniciais.

No suposto de que a Deputación teña que indemnizar a un contratista como consecuencia dunha resolución de contrato motivada por imposibilidade de terreos, falla de autorizacións ou permisos ou por calquera outra causa imputábel aos concellos, o concello deberá indemnizarlle á Deputación os danos e perdas que se ocasionen.

A Deputación, en casos excepcionais e por causas debidamente motivadas, poderá acordar mediante acordo plenario e simultaneamente coa aprobación da programación inicial ou a aprobación provisional dentro da correspondente fase do Plan de travesías, que o custo derivado da adquisición de terreos mediante expropiación ou por compravenda necesario para

executar algunha obra concreta de travesías o aboe na súa totalidade ou nunha porcentaxe determinada a Deputación e sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

8.–Acta de entrega.

Finalizadas as obras, a Deputación, unha vez formalizada a acta de recepción das obras e no prazo de 1 mes entregaralles aos concellos as obras e instalacións da travesía. Para estes efectos formalizarase a correspondente acta de entrega e a partir deste momento producirá efecto a mutación demanial, quedando a travesía de titularidade municipal.

En caso de que o concello non asine a acta de entrega, dentro do prazo indicado no apartado anterior, a Deputación efectuaralle un requirimento ao concello advertíndoo de que no suposto de que transcorridos 15 días dende dito requirimento sen que o concello entregase na Deputación a acta de entrega asinada, a Deputación considerará entregada tacitamente a obra, dándoa de baixa no inmovilizado material, e non asumindo dende dita data ningunha obriga en relación coa travesía.

9.–Conservación e mantemento.

A partir da data de entrega ou transcorridos os prazos a que se refire o último parágrafo da cláusula 9.^a, o concello asumirá os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento das obras, servizos e instalacións da travesía, sen prexuízo da responsabilidade do contratista durante o prazo de garantía.

10.–Convenios.

A Deputación e os concellos formalizarán os correspondentes convenios en desenvolvemento das presentes bases e que se deriven da aprobación definitiva das distintas fases do plan e conforme ás presentes bases e acordos plenarios respectivos, e dentro do prazo de 1 mes contado dende a aprobación definitiva da fase do plan.

11.–Exposición das presentes bases.

As presentes bases quedan expostas ao público dentro do prazo de 15 días contados dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobadas no caso de que non se presentasen.”

18.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2012 1ª FASE, TAL E COMO SE DETALLA: COMPLEMENTARIO Nº 1 DE SENDA PEONIL EN DP 7506 EN PQ 0+450 A 1+350. 1211700001. SADA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2012 1ª FASE cun orzamento total de 9395,35.- euros, con cargo á aplicación 0202/454B/60900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
COMPLEMENTARIO Nº 1 DE SENDA PEONIL EN DP 7506 EN PQ 0+450 A 1+350. 1211700001.0 SADA	9395,35

2.- Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

19.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DA SUPERFICIE DE 578,60 M² SOBANTES AO MODIFICARSE O TRAZADO DE DP 5004 COA EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CON MAC NA DP 5004 CASAL DE ARRIBA Á FEIRA DO TRES PQ 5,34-9,46, COA FINALIDADE DE TRAMITAR A PERMUTA DE TERREOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de desafectación da superficie de 578,60 m² sobrantes ao modificarse o trazado de DP 5004 coa execución das obras contidas no proxecto COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CON MAC EN DP 5004 CASAL DE ARRIBA Á FEIRA DO TRES PQ 5,34-9,46

2.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de desafectación, abríndose coa devandita publicación o prazo de información pública por prazo dun mes disposto no artigo 8 parágrafo 2º do RBEL.

3.- Unha vez esgotado o devandito prazo, e sempre que non se presenten alegacións en contra, despois dos informes da Intervención Xeral procederá a adopción dos seguintes acordos:

a. Declarar a desafectación da superficie de 578,60 m² sobrantes ao modificarse o trazado da E.P. 5004 como consecuencia da execución das obras contidas no proxecto COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CON MAC EN DP 5004 CASAL DE ARRIBA Á FEIRA DO TRES PQ 5,34-9,46.

b. Recibir e incorporar ao inventario de bens, co carácter de patrimonial, do citado tramo.

c. Permutar con ADOLFO BONOME PENA E ENRIQUE BONOME RIVAS, a parcela sobrante cunha superficie de 578,60 m² (segundo plano que se xunta co número 5 e cor marrón) resultado da modificación de trazado da DP 5004 como consecuencia do cambio de trazado que supuxo a execución das obras comprendidas no proxecto de COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CON MAC EN DP 5004 CASAL DE ARRIBA Á FEIRA DO TRES PQ 5,34-9,46, pola achega de 578,60 m² (segundo plano que se xunta co número 3 e cor azul) realizada por ADOLFO BONOME PENA E ENRIQUE BONOME RIVAS.

d. A referida permuta non suporá a achega de ningunha cantidade de diñeiro por parte desta Excma. Deputación Provincial.”

20.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS AO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA NO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO QUE SE SEGUE PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO E SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402 ARES CHANTEIRO (ARES) FASE I E FASE II E RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DAS OBRAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por cuberta a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no Proxecto AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO E SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402 ARES CHANTEIRO (ARES) FASE I E FASE II.

2.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras tales como que:

- Actualmente a estrada ten unha sección estreita, ata de menos de 5 metros nalgunhas zonas.

- Existen zonas con gran densidade de vivendas nas que o tránsito peonil é intenso e actualmente perigoso por carecer de beirarrúas sendas para iso e ao ter unha calzada estreita con gran intensidade de tráfico.

- Que actualmente existen dúas interseccións mal acondicionadas e perigosas nas que se proxecta a construción de dúas glorietas que mellorarán sensiblemente a seguridade na circulación.

- Que se proxecta a ampliación da sección da estrada que mellorará substancialmente a visibilidade en curvas de radio reducido.

- Que nos últimos anos o tráfico experimentou un significativo crecemento sobre todo en época estival que fai necesaria unha urxente mellora das características co fin de evitar incremento da accidentalidade.

- Que se produciron nos últimos anos accidentes con saídas de calzada e colisións que coas melloras proxectadas tenderanse a diminuír nun grao significativo.

Por todo iso, téndose desestimadas todas as alegacións presentadas, considérase xustificada a declaración da urxente ocupación.”

21.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2012, 4ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 4604 MELIDE ÁS PÍAS POR TOQUES PQ 1+170 A 4+760 (MELIDE E TOQUES) 12.11000034.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1)Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2012, 4ª fase cun orzamento total de 38584,96 euros, con cargo á aplicación 0401/453A/61900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 4604 MELIDE ÁS PÍAS POR TOQUES PQ 1+170 A 4+760. (MELIDE E TOQUES). 1211000034.0	38.584,96

2)Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

22.-APROBACIÓN DA 4ª FASE DA ANUALIDADE DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DENTRO DO PLAN DIRECTOR DE COMERCIO DAS COMARCAS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos destinatarios do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar cuxas bases reguladoras e a súa modificación foron aprobadas mediante acordo plenario do 26 de marzo do 2010 e 24 de setembro de 2010 respectivamente,

1º- Aprobar a 4ª fase da anualidade 2012 do Programas de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar cuxas cifras globais de financiamento se indican a continuación:

4ª fase anualidade 2012	TOTAL 4ª fase anualidade 2012
Achega municipal*	3% incremento tipo de gravame IVE (do 18% ao 21%) €
Achega Deputación	36.250,00 €
Total	36.250,00 €

*Os concellos deberán asumir a diferenza do 3% do incremento no tipo de gravame do IVE, posto que o financiamento máximo por parte da Deputación para o exercicio 2012 é de 36.250,00 € no “Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar” co obxecto de non superar a cantidade establecida nas bases para cada anualidade.

2º.- Aprobar a relación de actuacións de investimento que a continuación se relacionan:

CONCELLO	DESCRICIÓN DO PROXECTO	Presuposto	Achega municipal	Achega provincial	Presuposto total 2012
Rianxo	“Adecuación dos postos do Mercado Municipal de Rianxo”	36.250,00 €	3% incremento tipo de gravame IVE (do 18% ao 21%)	36.250,00 €	36.250,00 €
TOTAL	36.250,00 €				

3º A achega provincial da presente proposta, por importe de 36.250,00 € poderase imputar aos seguintes datos contables:

P.Orzamentaria	Anualidade	Fase	Importe	Nº operación
0305/431B/76201	2012	A	36.250,00	220119000914
TOTAL				36.250,00€

A achega da Deputación para a 4ª fase da anualidade 2012 é de **36.250,00 €** .

4º.- A contratación e execución das obras (anualidade 2012) segundo o aprobado polo acordo plenario con data do 27/04/2012 establece que os prazos para xustificar a contratación das obras será de seis meses contados desde a aprobación polo Pleno da Deputación da incorporación da obra ao programa. O prazo para xustificar a execución do investimento será dun ano contado desde a adxudicación da obra.

5º.- O presente acordo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no presuposto da Corporación para o 2013.

6º.- Dispoñer a exposición pública a 4ª fase da anualidade 2012 do Programa mediante a inserción dun anuncio no BOP. Para efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

7º.- Facultar o presidente para canto proceda en orde á xestión do presente acordo".

23.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O “PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA 2012”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para financiar o proxecto *“Plan de competitividade turística”*.”

2.- A achega provincial prevista no convenio para a anualidade 2012 ascende a un total de 115.000 euros.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á Partida orzamentaria 0305/432A/462.00

3.- Facultar o Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte Dna. Reyes Leis Rodríguez, en representación do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN:

1.- Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción do turismo na provincia da Coruña.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva de todo aquilo que signifique estudo, información e mellora da promoción turística.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Concello de SANTIAGO DE COMPOSTELA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA-P1507900G para o financiamento do “*Plan de competitividade turística*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
PROMOCIÓN	Redes de promoción	6.200,00
	Feiras	32.191,89
	Presentacións, xornadas de comercialización, Press-Trips e demais accións de promoción	20.000,00
Atención turística	Mantemento puntos de atención e acollida ao visitante.	20.000,00
SCFC	Accións promoción e atención	4.500,00
SCCB	Accións promoción e atención	10.000,00
Turismo gastronómico	Fórum cidade	15.000,00

Estudios de demanda	Recollida, análise e tratamento de datos	8.445,60
Web	Edición de contidos	17.938,20
	Mantemento e melloras	9.474,31
TOTAL		143.750,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 115.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/432A/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 –A achega da Deputación seralles aboada ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvención solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA..

2. Unha vez rematadas as actividades, a CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 54^a das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención

outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración entrará en vigor dende a súa sinatura, concedéndosele efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2012, e conservará a súa vixencia ata o 31 de marzo de 2013. Os documentos xustificativos deberán estar comprendidos entre o 01.01.2012 e 31.12.2012

2. Previa solicitude do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, realizada polo menos dous meses antes de data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as súas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei

38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade, asinan este convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

A REPRESENTATE DO CONCELLO DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA”

24.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SOLO INDUSTRIAL DAS PONTES (SEARA) PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES NO CENTRO DE DINAMIZACIÓN EMPRESARIAL E INCUBADORA DE EMPRESAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL, CIF G15839491, para financiar as actividades no “*Centro de Dinamización Empresarial e Incubadora de Empresas*”.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 15.907,83 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 78,30 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á Partida orzamentaria 0305/433A/481.

3.- Facultar o Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL

Na Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excm. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte D. , con DNI núm. , en representación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL

Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL consideran de gran interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente a adicada ao pequeno comercio.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL, CIF G15839491**, para o financiamento das actividades no “*Centro de Dinamización Empresarial e Incubadora de Empresas*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL:	
Soldos..... 11.785,43 €	
Seguridade Social..... 3.820,74 €	
	15.606,17 €
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS:	
Luz..... 1.291,00 €	
Gastos mantemento caldeira..... 850,00 €	
Gastos de material..... 295,00 €	
Reparacións e conservación..... 1.100,00 €	

Outros (auga, teléfono, publicidade, etc.) 1.173,84 €	4.709,84 €
TOTAL	20.316,01 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 15.907,83 €, o que representa unha porcentaxe de 78,30%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,30% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/433A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL, nin con ningunha outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de

eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados entre o 01/01/2012 e o 31/12/2012, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentado a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade...”. Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL da sanción que, de

conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REGISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2013**, sempre e cando exista crédito para tal fin, no exercicio 2013.
2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de xaneiro de 2013**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei

38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS USUARIOS DE SUELO INDUSTRIAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da ASOCIACIÓN
DE EMPRESARIOS USUARIOS
DE SUELO INDUSTRIAL”

25.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES “VOZ NATURA ANUALIDADE 2012”.

INTERVENCIONS

Sr. Cañas Varela

Grazas, Sr. presidente. Presentamos unha emenda de modificación ao ditame da Comisión de Promoción Económica, Emprego e Medio Ambiente, na que se trata de variar a cantidade e o coeficiente de financiamento, é pasar de 60.000 euros que eran o 38,71 do orzamento, a 72.000 euros, que é o 46,54, que é exactamente a mesma cantidade que se estaba aprobando en anos anteriores. Aí houbo un erro de comunicación, modificouse o expediente e ao final non se trasladou coa suficiente axilidade e ese foi todo o problema.

Vótase a emenda, que é aprobada por unanimidade e a continuación vótase o ditame da Comisión coa emenda incorporada, sendo aprobado tamén por unanimidade.

ACORDO

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE para financiar o proxecto “*Voz Natura 2012*”.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 72.000,00 euros, que supón o 46,45% do presuposto do proxecto.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/172A/481.

3.- Facultar ó Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

"Na Coruña, data convenio.

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. Santiago Pérez Otero, en representación da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE, segundo poder outorgado ante o notario da Coruña D. Francisco Manuel Ordóñez Armán o 13 de xaneiro de 2004, con número de protocolo 76

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

As partes en nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN:

1.- Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa conservación do contorno ambiental respecto á natureza e o fomento da ecoloxía, de maneira que poida contribuír non só á divulgación das actividades citadas, senón tamén a promover a relación de estudos ambientais, operacións de limpeza de áreas naturais, conservación de especies vexetais, de viveiros forestais, de ríos e calquera outra encamiñada a inculcar nos cidadáns o respecto á natureza e o fomento da ecoloxía.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique estudo información e divulgación sobre a conservación do contorno ambiental.

3.- Que, unha vez rematada a execución do convenio, correspondente ao financiamento das actividades realizadas baixo o proxecto VOZ NATURA no ano 2012, e dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da “Fundación Santiago Rey Fernández Latorre”, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, CIF G15620651 para o financiamento do proxecto “*Voz Natura 2012*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE

A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Financiamento actividades colexios	64.200,00
Material promoción actividade Voz Natura para alumnos participantes	3.162,00
Material de oficina, envíos e similares	4.517,00
Premios VOZ NATURA e festa fin de curso	29.362,00
Asistencia técnico ambiental colexios	12.197,00
Gastos de desprazamentos a colexios	3.162,00
Coordinación VOZ NATURA	33.879,00
Plan de comunicación web VOZ NATURA	4.517,00
TOTAL	154.996,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 72.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 46,45%. No caso de que o gasto xustificadado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 46,45%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/172A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados entre o 01/01/2012 ao 31/12/2012, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA..

2. Unha vez rematadas as actividades, a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe

constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamente (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do 2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2013**, condicionado á existencia de crédito para tal fin no exercicio 2013.

2. Para o caso de que a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de xaneiro de 2013**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesa data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

“E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadriplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O PRESIDENTE DA
FUNDACIÓN SANTIAGO REY
LATORRE

D. DIEGO CALVO POUSO

D.SANTIAGO PÉREZ OTERO”

26.-PARTICIPACIÓN DA DEPUTACIÓN NA AMPLIACIÓN DE CAPITAL SOCIAL DA ENTIDADE “AFIGAL, SGR” E DESEMBOLSO DO IMPORTE CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1º.- Aprobar a participación da Deputación provincial na ampliación de capital social da entidade AFIANZAMIENTOS DE GALICIA SOCIEDAD DE GARANTÍA RECÍPROCA (AFIGAL, AGR). CIF V15053754 mediante a adquisición de accións de por unha cantidade de 178.977,80 €.

O desembolso da participación da Deputación realizarase distribuído en catro (4) anualidades de 44.714,40 € cada unha delas.

2º.- Procederá ao desembolso do importe que corresponde á anualidade 2012 por importe de 44.714,40 € con cargo á aplicación 0202/920E/86090”

27.-APROBACIÓN DA PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA OFICIAL PARA QUE A CIDADE DE FERROL ACOLLA NO ANO 2014 O 5º CONGRESO EUROPEO DE TURISMO INDUSTRIAL.

INTERVENCIONES

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. O Grupo Socialista vai votar favorablemente a este punto, pero quere facer algunhas puntualizacións. Hai uns meses decidiu este Pleno incorporarse á asociación que agrupa ás cidades industriais con turismo industrial, e hoxe tráesenos o acordo de financiar con 45.000 euros máis o IVE, é dicir, 54.450 euros, a celebración na cidade de Ferrol do 5º Congreso Europeo de Turismo Industrial. Imos votar a favor porque estamos de acordo en apoiar a cidade de Ferrol, e porque entendemos que no turismo industrial a cidade de Ferrol ten unha gran potencialidade, pero hai algo que non nos parece moi razoable. No primeiro acordo que se propuña para a aprobación da Comisión, ía un punto que dicía, ademais de aprobar 45.000 euros máis o IVE, había un terceiro punto que dicía “Aprobar o compromiso de garantir a viabilidade económica do proxecto”, iso é unha barbaridade, porque claro, estás a tomar un acordo sobre unha cantidade incerta, estás a comprometer algo que non sabes o que vai ser, e iso substituíuse por algo que entendemos que non é razoable, a pesar diso imos votar a favor, pero queremos deixar constancia da nosa posición, substituíuse por outro punto que di: “Encomendar á Sección de Promoción Económica da Deputación Provincial da Coruña as tarefas e xestións administrativas oportunas que permitan programar, orzar e xestionar o proxecto cos elementos e contidos previstos”. Parece ser que este 5º Congreso Europeo de Turismo Industrial vaino organizar a

Deputación provincial, vaino organizar a través do Servizo de Promoción Económica da Deputación, e non nos parece, nin xusto, nin razoable. Se hai unha asociación que quere facer un congreso, apoiámolo, se hai unha asociación que quere facer un congreso, dicímoslle, mire, se vén a Ferrol apoiámolo financeiramente porque queremos que se faga en Ferrol, pero o que non podemos é asumir o compromiso de organizar ese congreso cuns custos que serían incertos.

Por tanto, queremos deixar pública a nosa posición, a nosa preocupación por este tema, e anunciar que imos votar que si a este punto, pero con estas excepcións.

Sr. Cañas Varela

Moitas grazas, Sr. Presidente. En resposta ás consideracións do portavoz socialista dicirlle que alégrome que teña a mesma consideración que tivemos nós, pois como moi ben di, as consideracións que se presentaron á primeira redacción do texto, tivéronse en conta, era un problema de redacción, tal e como se aclarou na Comisión, e ademais cambiouse a redacción precisamente para deixar eses puntos que suscitaban algunha posible controversia, e xa se deixaba claro e facíase constar, que non podíamos comprometer un gasto futuro e que non sabíamos canto era. É certo, a redacción quedou como “Encomendar á Sección de Promoción Económica da Deputación Provincial da Coruña as tarefas e xestións administrativas para programar, orzar e xestionar o proxecto”, non o congreso, hai que lelo todo, non o congreso, o congreso ten a súa secretaría técnica, que é o que financiamos, e organiza o congreso.

Estráñame tamén a súa puntualización, tendo en conta que isto foi exposto na Comisión Informativa, aclarouse, ademais o interventor que estaba presente ditaminou sobre isto, e aclarou perfectamente, sen que en ningún momento se mostrasen dúbidas sobre este tema, pero puntualizo, para que quede claro, é dicir, o que se encomenda á Sección de Promoción Económica son as tarefas de xestión administrativa oportunas que permitan programar, non facer o congreso, que é unha cousa moi distinta.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. As explicacións do Sr. Cañas confúndennos máis. É que entón sobra ese punto, cal é o compromiso que temos? O compromiso que temos é apoiar que o 5º Congreso Europeo de Turismo Industrial se celebre en Ferrol, e estamos dispostos a apoialo cunha cantidade que explicitamos, 45.000 máis IVE, e iso tense que comprometer no orzamento do ano 2014, porque é para o ano 2014, pero imaxino que haberá que buscar algún compromiso de financiamento para quen ten que decidir que se faga en Ferrol, decida, e iso vémolos todos, e sobra o terceiro punto, entón. A Sección de Promoción Económica non ten que facer absolutamente nada, é un congreso que se vai celebrar na provincia, e financiamos, e organizará quen o teña que organizar, e orzarao quen o teña que orzar, e xestionarao quen o teña que xestionar. En calquera caso, dígolle que imos votar que si, pero entendemos que isto sobra, porque son compromisos que adquire a Deputación que non sabemos que alcance van ter, e ante iso pomos as nosas dúbidas, deixamos que conste en acta, pero apoiamos porque nos parece unha idea interesante. Gustaríanos moito máis que non houbera este punto

número 3, porque este punto número 3 vén substituír a outro, dásele outra forma, que dicía “Aprobar o compromiso de garantir a viabilidade económica do proxecto”, como iso non se pode aprobar, métese á Deputación polo medio, e a Deputación farase cargo da viabilidade económica do proxecto se os fondos que vai haber non van chegar, esas son as dúbidas que temos e facémolas constar.

Sr. Presidente

Agradézolle a confianza que teñen todos en que esa candidatura, que é do que estamos a falar, acabarase convertendo nunha organización efectiva dese congreso. A verdade é que é un congreso moi importante que se celebra cada dous anos, este ano foi en Lisboa, e a RETI non é a organizadora, a RETI é a Red Española de Turismo Industrial, da que a Deputación da Coruña ten agora mesmo a Presidencia, simplemente como membros da RETI solicitamos facelo na provincia da Coruña, e en concreto en Ferrol porque ten unhas potencialidades que vostede mesmo dixo. Eu espero e desexo que finalmente este congreso sexa aceptada a nosa candidatura, e gañemos esa candidatura, que se acabe confirmando nunha sede oficial, e a partir de aí colaboraremos. Pero si quero aclarar que a Deputación participa na organización dese congreso, porque é quen solicita a organización dese congreso a través da Sección de Promoción Económica, que nos dixeron cal é a achega, que é a que aparece aí reflectida, e na medida na que participamos tamén na organización, tamén imos fixar cal é o Orzamento desa actividade, e espero e desexo que todo saia ben, como seguro que todos queremos.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º Aprobar a presentación da candidatura oficial, promovida pola Deputación Provincial da Coruña, para que a cidade de Ferrol acolla no ano 2014 o 5º Congreso Europeo de Turismo Industrial.

2º.- Asumir o compromiso de afrontar o pago dos gastos correspondente aos honorarios da secretaría técnica do congreso por importe de 45.000,00 € + IVE =**54.450,00 €** despois da inclusión da oportuna consignación orzamentaria nos presupostos da Corporación para o 2014.

3º Encomendarlle á Sección de Promoción Económica da Deputación Provincial da Coruña as tarefas e xestións administrativas oportunas que permitan programar, presupostar e xestionar o proxecto cos elementos e contidos previstos.”

28.-CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA AO ARSENAL MILITAR DE FERROL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Acórdase por unanimidade, concederlle a medalla de ouro da provincia ao Arsenal Militar de Ferrol.”

29.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013.

INTERVENCIONS

Sr. Presidente

Simplemente dicir, antes da votación, que espero que os concellos, sabendo que van ter a mesma dotación económica que tiveron este ano, sexan conscientes do esforzo que facemos desde a Deputación para financiar a parte que o Estado non vai financiar este ano, igual que o ano anterior, cremos que a Deputación pode correr con esa parte do financiamento, e espero que os alcaldes sexan conscientes dese esforzo que tamén facemos, máis nada que para o benestar dos seus veciños.

ACORDO

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar as Bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas bases á existencia de crédito adecuado e suficiente nas partidas 0501/459A/46201 e 0501/459A/76201, tanto no presuposto inicial do exercicio 2013 como nos expedientes de modificación de créditos que a Deputación poida aprobar ao longo do ano 2013 ou 2014 para o financiamento do POS 2013.”

BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal” (POS) 2013 é un plan da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2013, que se elabora no marco do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, modificado polo Real decreto 1263/2005, do 21 de outubro, e pola Orde 293/2006, do 31 de xaneiro, para o seu desenvolvemento e aplicación, así como polas instrucións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas encargado da súa coordinación.

O POS 2013 previsiblemente vaise financiar unicamente coas achegas da Deputación Provincial da Coruña por un importe total de 24.200.000,00 €, e polas achegas dos correspondentes concellos, sen que estea previsto que exista achega do Ministerio porque o proxecto de presupostos xerais do Estado para o exercicio 2013 non contempla financiamento para a realización de novos plans de cooperación económica local no ano 2013.

En principio, pártese de que nas partidas 0501/459A/76201 e 0501/459A/46201 do presuposto provincial para o exercicio 2013, ou nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo dos anos 2013 ou 2014, vaise consignar a cantidade de 24.200.000,00 € para o financiamento do plan.

Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o POS 2013 concíbese co carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o plan que poida aprobar a deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na base 6.

Por iso, a aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no presuposto inicial do exercicio 2013 como nos expedientes de modificación de créditos que a deputación poida aprobar ao longo do ano 2013 ou 2014 para o financiamento do POS 2013. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O POS 2013 elabórase nun momento de crise económica no que a Deputación quere cooperar especialmente cos concellos na garantía do funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello segundo a súa poboación.

Ademais, debe terse en conta, por unha banda, que outras Administracións Públicas desenvolveron importantes plans de investimentos destinados aos concellos co fin de dotalos das infraestruturas necesarias para o seu funcionamento e de estimular a economía e o emprego, e por outra, que os concellos teñen dificultades para atender os seus gastos correntes pola perda de ingresos nos seus orzamentos que a crise ocasiona.

Por iso, a finalidade do POS 2013 é dobre: en primeiro lugar a realización de novos investimentos nos concellos, canalizando no seu caso as achegas do Estado, e en segundo lugar a axuda ao financiamento dos gastos correntes municipais, dado que os concellos teñen menos ingresos para o seu financiamento ou máis gastos correntes

que os pasados anos. Trátase polo tanto, dun plan de marcado carácter excepcional e conxuntural, motivado pola situación actual da economía.

Para materializar esta dobre finalidade, cada concello poderá utilizar a cantidade que se lle asigne do seguinte modo:

a) O 40 % destinarase necesariamente á realización das obras precisas para a efectiva prestación dos servizos obrigatorios establecidos no artigo 26 da Lei 7/1985 do 2 de abril, podendo non obstante, incluírse outras obras e servizos non obrigatorias que sexan de competencia municipal, de acordo co establecido no artigo 25 da devandita lei.

b) O 60 % restante destinarase, a elección do concello, ben a realización de máis obras das indicadas no parágrafo anterior, ou ben ao financiamento dos gastos correntes de cada concello no exercicio 2013.

2. A) REALIZACIÓN DE OBRAS

2.A.1.- Tipos de obras

Neste plan pódense incluír, todas as obras e servizos que sexan de competencia municipal, con preferencia dos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

É importante salientar que segundo o criterio do Ministerio non se poden incluír no plan as adquisicións de subministracións ou adquisicións de bens para o concello, senón que só se poden incluír "obras" propiamente ditas.

Ademais, de acordo co establecido no artigo 7 da citada Orde do 31 de xaneiro de 2006 e coas instrucións recibidas en anos anteriores do Ministerio, non se poderán incluír "obras de urbanización". No suposto de obras de competencia municipal, nas que se vaian realizar varios tipos de actuacións como abastecemento de auga, saneamento, beirarrúas, etc., deberá indicarse no título aquela ou aquelas que teñan un maior orzamento.

Só poderán ser obxecto de subvención as actuacións en bens de titularidade das entidades locais, excluíndose as que fosen executadas en bens que non teñan esta condición ou que con posterioridade, poidan ser obxecto de propiedade privada.

Os proxectos en fases deben ser obras completas. No caso de proxectos que teñan na súa denominación a indicación da realización dunha fase, parte, tramo, etc., debe figurar na memoria do proxecto que se trata dunha obra completa de acordo co establecido no artigo 86 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, sempre que sexan susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unha

unidade funcional, ou así o esixa a natureza do obxecto. Nestes casos, terase que achegar un informe técnico xustificativo desta circunstancia.

O concello acreditará que é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos para realizar as obras, así como que conta coas autorizacións e concesións administrativas que fosen necesarias para a súa execución.

2.A.2 .- Enquisa de infraestrutura e equipamento local

De conformidade co establecido no art. 3 do citado Real decreto 835/2003, para realizar a selección das obras que se incluírán no plan teranse especialmente en conta os datos que figuran na Enquisa de infraestrutura e equipamento local, xestionada por esta Deputación, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local.

Recoméndase consultar a nova “ficha municipal” con datos do concello que figura na páxina web desta deputación (www.dicoruna.es -concellos- eiel - informes - ficha municipal), na que se contén información detallada das súas infraestruturas e datos. Na folla número 5 da ficha figuran os índices sintéticos do concello comparados coa comarca e coa provincia.

Os datos dese concello que figuran na enquisa deben servir de base para a elaboración do plan e así motivarase na correspondente memoria.

2.A.3 .- Proxectos

Os proxectos deberanse presentar para todas as obras incluídas na anualidade de 2013, tanto do Plan base como do Plan complementario, ao que se fai referencia máis adiante. O importe mínimo de cada obra é de trinta mil euros (30.000,00 €) que é o importe mínimo establecido no citado Real decreto 835/2003.

Cada obra identificarase cun proxecto, tendo en conta que non se deben incluír como obras independentes os orzamentos parciais do proxecto.

Lémbrese que non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificadas sen lugar a dúbidas os investimentos que se integran no plan, como figura no artigo 7.a) da citada Orde do 31 de xaneiro de 2006.

Presentaranse dous exemplares de cada un dos proxectos xunto co resto da documentación que se lle indica na base 5.

Os proxectos técnicos das obras deberán comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 123 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público, que son os seguintes:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa a elas, as necesidades que se han satisfacer, e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de toda orde que se ha ter en conta.

b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas e particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma na que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnico que lle correspondan ao contratista, e a maneira na que se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un presuposto, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, se é o caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración.

No caso de incluír “partidas alzadas”, o seu importe total non poderá superar o 5% do presuposto de execución material do proxecto.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, se é o caso, do tempo e custo.

f) As referencias de todo tipo nas que se fundamentará o replanteo da obra.

g) O estudo de seguridade e saúde ou, se é o caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

h) Canta documentación veña prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

2.A.4 Plan complementario

Segundo o establecido no art. 8 do citado Real decreto 835/2003, as Deputacións aprobarán os Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal xunto cun plan complementario para aplicar os remanentes que se poidan orixinar.

Polo tanto, xa neste momento o concello debe prever a obra ou obras que desexe realizar para o caso de que se produzan remanentes por baixas na adxudicación dos

contratos, ou por anulacións de obras, de non ser así non se poderán aplicar os remanentes que se poidan producir no concello.

O presuposto mínimo dos proxectos tamén é de 30.000,00 € e para o seu financiamento poderanse utilizar os remanentes producidos polas baixas de adjudicación ou, se é o caso, polas anulacións de obras, podendo o concello realizar, no seu momento, unha maior achega para completar o orzamento do proxecto mínimo se fose necesario.

2. B) FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES

No suposto de que o concello opte por destinar parte da cantidade asignada ao financiamento de gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2013, a Intervención ou a Secretaría-Intervención de cada concello deberá elaborar unha previsión, para o exercicio 2013, dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Poderán incluírse os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida domiciliar de lixo, iluminación pública, mantemento dos accesos aos núcleos de poboación, mantemento de parques públicos e aqueles outros que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos mínimos obrigatorios en cada concello. Os custos de persoal só poderán incluírse cando estean total e directamente adscritos ao funcionamento dos devanditos servizos municipais.

Concretamente poderán incluírse os gastos que de seguido se detallan:

- persoal total e directamente adscrito ao servizo
- bens e servizos correntes
- intereses de préstamos asociados directamente ao servizo
- achegas a entes supramunicipais ou outros que realizan o servizo

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 94 concellos da provincia da Coruña.

4.- FINANCIAMENTO

No financiamento deste plan participarán, a Deputación e os concellos conforme ás porcentaxes de cofinanciamento que se indican neste apartado. Non é previsible a participación do Ministerio.

Segundo se indica na base 1, en principio pártese de que nas partidas 0501/459A/76201 e 0501/459A/46201 do presuposto provincial para o exercicio 2013, ou nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo do ano 2013 ou 2014, vaise consignar a cantidade de 24.200.000 €, e dado que non existe confirmación sobre a achega do Ministerio, e que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o POS 2013 concíbese co carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento, e a reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na base 6.

A cantidade que inicialmente se lle asigna a cada concello, calcúlase mediante a aplicación á cantidade de 24.200.000 €, segundo se indica na base 1, das variábeis ponderadas que tradicionalmente se utilizaron para realizar as asignacións de fondos do POS e que son as seguintes:

10%.....	cota fixa
5%.....	esforzo fiscal
15%.....	número de parroquias
35%.....	poboación
35%.....	superficie

Desta cantidade o concello destinará necesariamente o 40% para a realización das obras indicadas na base 2.A), e co 60% restante poderá optar por realizar máis obras ou por destinalo ao financiamento dos seus gastos correntes no exercicio 2013 segundo se detalla na base 2.B).

Para a realización de obras da base 2.A), a esta cantidade sumarase necesariamente o importe correspondente á achega municipal mínima obrigatoria, de acordo co citado Real decreto 835/2003, onde se establece a necesidade de que para cada investimento, o concello correspondente realice unha achega municipal mínima obrigatoria do 5%, calculada sobre o presuposto de contrata da obra, con independencia do tipo de actuación de que se trate.

Presuposto de contrata do proxecto =	(Subvención Estado + Deputación) + 5% (achega municipal mínima) do presuposto de contrata do proxecto
--------------------------------------	---

Terase en conta que o 5% de achega do concello, ao ser unha porcentaxe mínima esixida para cada obra, non poderá ser obtida por redondeo de 4,99.

Esta porcentaxe de achega municipal ten carácter mínimo, polo que os concellos poden realizar unha maior achega municipal sobre o mínimo previsto se así o desexan e isto implica o incremento na mesma contía do importe total de proxectos.

Para cada obra solicitada deberase indicar individualizadamente a parte que achega o concello, respectando a porcentaxe mínima indicada, e a que se financia con cargo á DEPUTACIÓN.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 25-09-1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación na obra, respectando as porcentaxes de cofinanciamento establecidas no citado Real decreto 835/2003, o concello beneficiarase da máxima baixa posible aplicada sobre a maior achega municipal realizada sobre o mínimo previsto no plan (5% sobre o presuposto de adxudicación).

Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente unha achega maior ao 5% do presuposto da obra, no caso de que houbese baixa de licitación, esta aplicarase preferentemente a minorar a dita maior achega, mantendo no posible a achega da Deputación.

5.- DOCUMENTACIÓN QUE SE HA DE REMITIR

Os concellos que desexen participar neste plan, deberán presentar no rexistro xeral da deputación, ou nas formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **ata o 28 de decembro de 2012**, a seguinte documentación:

* **MEMORIA:** A memoria deberá conter como mínimo os seguintes aspectos:

- a. Obxectivos que se han de alcanzar no período. Deberanse describir os obxectivos que se han de alcanzar durante o período do plan, tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de infraestrutura e equipamento local.
- b. Criterios de selección. Deberanse fixar con carácter obxectivo os criterios de selección das obras e a distribución do seu financiamento.
- c. Financiamento. Analizarase e xustificarase o plan financeiro previsto.
- d. Outras cuestións de interese. Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior.

*** CERTIFICADO DO ACORDO MUNICIPAL DE APROBACIÓN DO POS BASE 2013 E DO PLAN COMPLEMENTARIO**

Certificación do acordo plenario do concello, segundo o modelo que figura como anexo I a estas bases, polo que se dispoña participar no presente plan, aceptar expresamente estas bases e solicitar á deputación a aplicación do importe que se lle asignou dentro deste plan para a realización das obras que se relacionan, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega

provincial e o que se realiza con cargo á achega municipal e, se é o caso, ao financiamento dos gastos correntes para o exercicio 2013 que figuran na previsión de gastos realizada pola intervención ou Secretaría-Intervención do concello.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal ás obras.

No mesmo acordo indicárase expresamente que o concello conta cos terreos e autorizacións necesarias para a execución das obras.

No acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención específica ou finalista doutras administracións públicas para o financiamento destes gastos, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para o seu financiamento, deberá facilitar o seu detalle e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito decreto ou acordo autorizarase a deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. De non outorgar esta autorización, o concello deberá presentar as certificacións oportunas coa documentación da solicitude e coa documentación xustificativa final.

*** PROXECTOS**

En exemplar duplicado das obras do POS 2013 e do seu Plan complementario, co contido detallado na base 2.A.3.

*** INFORME TÉCNICO**

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, no que se indique expresamente o seguinte:

- As autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, e outros aspectos de interese que deban terse en conta. Se non se necesita autorización ningunha deberá indicarse expresamente.
- Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu presuposto ou contido, de acordo co establecido no artigo 125 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello remitindo unha copia á deputación, ou se solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 2, apartado 12 do dito Texto refundido da lei de contratos do sector público.
- No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización

ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do Texto refundido da lei de contratos do sector público do 14 de novembro, de contratos do sector público.

*** INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES 2013**

No suposto de que o concello opte por destinar parte da cantidade asignada ao financiamento de gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2013, a Intervención ou Secretaría-Intervención deberá elaborar un informe segundo o modelo que figura como anexo II, no que se conteña a previsión orzamentaria para o exercicio 2013 dos gastos correntes total e directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, referido aos servizos e aos conceptos de gasto que se detallan na base 2.B.

No anexo II o concello debe indicar os datos correspondentes aos servizos que desexe, sempre que cubran o importe da achega provincial que o concello vai aplicar a esta finalidade, non sendo preciso cubrir os datos de todos os servizos.

O anexo II debe presentarse en exemplar triplicado .

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación presentada, o Pleno da Deputación poderá aprobar un plan partindo das solicitudes presentadas polos concellos, tanto no apartado de POS-gastos correntes, como de POS- obras de investimento, como do Plan complementario. O plan poderá aprobarse nunha ou varias fases, unha vez coñecidas as achegas do Ministerio se as houbera, así como as posibilidades de financiamento da deputación.

O Plan que se aprobe poderá ser o resultado de axustes ou reprogramacións de importes ou anualidades, aplicándose como “criterio de prioridade” a poboación dos concellos, de xeito que terán prioridade as solicitudes presentadas polos concellos de menor poboación.

O plan someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da Subdelegación do Goberno. Ademais, remitirase para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaren alegacións nin se emitira o informe, poderanse proseguir os trámites.

A aprobación definitiva do Plan adicional que máis adiante se aprobe, financiado coas baixas de licitación ou anulacións de proxectos que se aprobe no marco do Plan Complementario, realizarase mediante Resolución da Presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e en consecuencia se declare definitivamente aprobado o Plan adicional no que se incluírán as obras previstas no Plan complementario daqueles concellos para os que exista crédito para o seu financiamento.

7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

Os concellos contratarán as obras de acordo co Texto refundido da lei de contratos do sector público, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración ou mediante procedemento negociado, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación. O concello debe cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Excepcionalmente, as obras poderá executalas a propia administración de acordo co establecido no artigo 24 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público.

Non se poderá realizar a adxudicación mediante contrato menor.

Inicialmente, en canto ao prazo para adxudicar as obras, e coa finalidade de poder aplicar os remanentes que se xeren tras a adxudicación das obras, os concellos deberán presentar **ata o 1 de agosto de 2013**, ben a documentación xustificativa da contratación antes indicada, ben o compromiso do concello de adxudicala antes do 1 de outubro de 2013, ou ben a petición da prórroga para a adxudicación na que conste a obra para a que se solicita a prórroga, o motivo xustificativo da prórroga e a data ata a que se pide, xa que de conformidade co establecido no artigo 11 do citado Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, os investimentos incluídos no Plan provincial de cooperación serán adxudicados ou acordada a súa execución pola propia administración antes do 1 de outubro do exercicio correspondente, salvo nos casos excepcionais que deberán ser comunicados a esta Deputación para poñer en coñecemento do Ministerio, sendo a súa xustificación apreciada polo Ministerio. En calquera caso, o prazo prorrogado non poderá ser posterior ao 1 de novembro de dito exercicio.

Non obstante, no caso de que a aprobación do Plan se produza por fases ao longo do ano 2013 ou 2014, a deputación poderá establecer outras datas para a contratación das obras.

Una vez adxudicadas as obras, o concello deberá remitirle a esta Deputación a seguinte documentación:

- Listado das obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se enviará ao concello coa circular de contratación
- A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos

No caso de adxudicación mediante procedemento negociado, deberá presentarse a seguinte documentación :

- xustificación da publicidade da licitación ou a consulta a 3 empresas,
- a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
- informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación previstos na cláusula 15 en relación co anexo IV do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas

No caso de adxudicación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración-factor prezo, ou con multiplicidade de criterios de valoración deberá presentarse a seguinte documentación:

- xustificación da publicidade da licitación
- a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
- informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación previstos no do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas

No caso de executalas a propia administración deberá presentar o informe do secretario no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto dos dispostos no artigo 24 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público.

8.- EXECUCIÓN DAS OBRAS

As obras executaranas os respectivos concellos conforme ao proxecto técnico da obra. A dirección e a execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

Se durante a execución das obras xurde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado Texto refundido da lei de contratos do sector público, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou doutro concepto deberá ser financiado integramente polo concello.

9.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O pago da achega da deputación realízase segundo se indica a continuación para a realización de obras e para o financiamento dos gastos correntes. Nos dous casos, a deputación acreditará previamente de oficio que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa deputación.

9. A) REALIZACIÓN DE OBRAS

O pago ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións de execución das obras que o concello presente na deputación no modelo oficial, en exemplar triplicado e aprobadas polo concello, sendo polo menos un deles orixinal. Procurarase que as certificacións sexan por un presuposto superior aos 6.000,00 €.

Desde o inicio das obras ata a súa recepción deberase colocar o cartel oficial debidamente cuberto, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e outra do cartel da obra e o seu contorno, sendo requisito indispensable para que esta deputación transfira ao concello o importe da achega provincial ao plan. Esta documentación acompañarase á primeira certificación de execución das obras.

Ao remate da obra, coa última certificación de execución, deberase achegar a correspondente "acta de recepción" así como a certificación acreditativa da aprobación da certificación final da obra no modelo-tipo que se remitirá a ese concello máis adiante.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) e 37.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase acompañar a certificación estendida polo órgano competente do concello da percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais co fin de verificar que a concorrencia non supera o custo da actuación subvencionada.

Todas as obras deberán estar terminadas antes do 1 de novembro de 2014 xa que o plan debe ser obxecto de liquidación no primeiro trimestre do ano 2015.

Excepcionalmente, o concello poderá solicitar una prórroga para o seu remate de acordo coas instrucións que se remitirán máis adiante.

9. B) FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES

Á vista da documentación recibida do concello na que se solicita aplicar parte da achega provincial asignada neste plan ao financiamento dos gastos correntes previstos para o exercicio 2013, achegando o informe de previsión de gastos da intervención ou secretaría-intervención, a deputación transferirá ao concello, con carácter de prepagable, o importe da cantidade indicada sempre que estea debidamente xustificada a súa aplicación aos gastos estimados a financiar o concello para o exercicio 2013.

Unha vez feitos os pagos, os concellos deberán presentar na deputación, ata o 31 de marzo de 2014, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola intervención ou secretaría-intervención, no que se detallen os pagos efectuados e os

dereitos recoñecidos por subvencións finalistas para a mesma finalidade, segundo o modelo que figura como anexo III. Excepcionalmente, e a solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación.

No suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, seguirase o procedemento disposto no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O importe dos pagos xustificados deberá acadar ao da subvención da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións. O concello queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida pola deputación. No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.

10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, despois do informe da Secretaría e da Intervención, no marco do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, modificado polo Real decreto 1263/2005, do 21 de outubro, e da Orde 293/2006, do 31 de xaneiro, para o seu desenvolvemento e aplicación, así como tendo en conta as instrucións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións

A N E X O I

CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2013

D. / Dna. _____
secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno municipal deste Concello na sesión realizada o día ___/___/2013, adoptou o seguinte acordo:

1.- "Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS			

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS			
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES			
T O T A L			

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2013 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
TOTAIS	

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal de 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade de 2013.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase a Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do alcalde, en

_____, o día ____ de _____ do ano dous mil doce.

V. pr.
O alcalde

ANEXO II

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2013

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello de previsión de gastos correntes 2013

CONCELLO DE		PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2013 (A)	ESTIMACIÓN DOUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2013 (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO PARA FINANCIAR O CONCELLO 2013 (A-B)
SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local				
Subministración de auga potable	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO II
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
POS 2013

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello de previsión de gastos correntes 2013

Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO II
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
POS 2013

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello de previsión de gastos correntes 2013

CONCELLO DE				
SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2013 (A)	ESTIMACIÓN DE OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2013 (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2013 (A-B)
Mantemento de parques públicos	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

T O T A L

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

**ANEXO III
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
POS 2013**

**Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello
xustificativo dos pagos de gastos correntes realizados no 2013**

CONCELLO DE

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PAGOS REALIZADOS 2013 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCIÓNS FINALISTAS 2013 (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2013 (A-B)
Subministración de auga potable	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			

	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

**ANEXO III
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
POS 2013**

**Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello
xustificativo dos pagos de gastos correntes realizados no 2013**

CONCELLO DE	
--------------------	--

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PAGOS REALIZADOS 2013 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCIÓNS FINALISTAS 2013 (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2013 (A-B)
Recollida domiciliaria de lixo	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Iluminación pública	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			

Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO III
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
POS 2013

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello
xustificativo dos pagos de gastos correntes realizados no 2013

CONCELLO DE				
SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PAGOS REALIZADOS 2013 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCIÓNS FINALISTAS 2013 (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2013 (A-B)
Mantemento de parques públicos	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
	- Persoal total e directamente adscrito			

Outros	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
T O T A L				

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

30.-APROBACIÓN DA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PLAN DTC94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de xullo de 2012 e cuxo texto íntegro se publicou no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 145 do 1 de agosto de 2012

Despois de ver as solicitudes que están correctas e completas presentadas polos concellos que máis adiante se detallan

1.- Aprobar a 1ª fase da anualidade 2012 do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, cuxo resumo de cifras globais dos distintos apartados previstos na base 2 nos que se estrutura é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura nos anexos I e II a este acordo: anexo I para os apartados A-B-C, e anexo II para o apartado D.

1ª FASE ANUALIDADE 2012 con 52 concellos PLAN DTC-94 “Unha deputación para todos os concellos”				
APARTADO	PARTIDA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	0501/459G/76201	4.324.783,66	76.604,26	4.401.387,92
B) HONORARIOS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS	0501/459G/76201	93.856,32	0,00	93.856,32
C) ACHEGAS MUNICIPAIS	0501/459G/76201	41.047,54	0,00	41.047,54
D) GASTO CORRENTE	0501/459G/46201	8.605.018,61	0,00	8.605.018,61
TOTAL 1ª FASE DTC 94		13.064.706,13	76.604,26	13.141.310,39

Aprobar os proxectos técnicos das obras e pregos das subministracións incluídas nesta fase do plan.

Non obstante, a aprobación das solicitudes dos concellos de Camariñas, Cesuras, Mesía e Vilasantar, queda condicionada a que os correspondentes concellos presenten a certificación da ratificación polo pleno municipal do acordo de participación no plan, segundo o establecido no último parágrafo da base 5.1.

2.- A contratación das obras e subministracións incluídas no apartado A realizarana os respectivos concellos de acordo co previsto na base 7, pero establécese

como prazo para presentar a documentación indicada na citada base ata o 31 de marzo de 2013.

3.- A execución do plan e pago da achega provincial realizarase de acordo co previsto na base 8, pero para as actuacións do apartado B) de financiamento de honorarios de redacción de proxectos, o prazo para a remisión da copia do contrato de redacción de proxecto establécese ata o 31 de marzo de 2013.

4.- Dispoñer o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que optaron por destinar unha parte da cantidade asignada ao apartado D) para o financiamento dos seus gastos correntes previstos para o exercicio 2012, cuxa relación e importes figuran no anexo II a este acordo e segundo o procedemento previsto na base 8.

O dito pago realizarase con cargo á partida 0501/459A/46201, de acordo cos datos contables que figuran no informe de Intervención a este expediente.

5.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

6.- Remitir o expediente para o coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións una vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.”

**DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS
CONCELLOS**

1ª FASE ANUALIDADE 2012

ANEXO I : APARTADOS A - B - C

A) Obras e subministracións

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Aranga	12.3280.0001.0	MELLORA E ADECU. DO CAMPO DE FÚTBOL DA POSTA REPA. PISTA MPAL. EN CAMBAS, PISTA DE PORUGUEIRO A CRUZAMENTO	63.690,90	0,00	63.690,90
	12.3280.0002.0	A RAÍZ	33.080,24	0,00	33.080,24
	12.3280.0003.0	REPA CUB. DO CENTRO DE SAÚDE DE MUNIFERRAL	30.292,36	0,00	30.292,36
		SUBTOTAL	127.063,50	0,00	127.063,50
Arteixo	12.3280.0004.0	HUMAN. TRV. MEICENDE AC-415: CONTORNO CRUZAMENTO ESTR.NOSTIÁN. NOSTIÁN	44.801,79	7.366,49	52.168,28
	12.3280.0005.0	HUMAN. TRV. MEICENDE AC-415: CONTORNO CENTRO SAÚDE	51.659,89	8.705,85	60.365,74
	12.3280.0006.0	HUMAN. TRV. MEICENDE AC-415: CONTORNO CRUZAMENTO PRAZA CONSTITUCIÓN.....	107.100,21	17.411,69	124.511,90
	12.3280.0007.0	HUMAN. AV. AL. PLATAS VARELA AC-552: CONTORNO R. VICENTE RISCO..	60.321,92	10.045,21	70.367,13
	12.3280.0008.0	HUMAN. AV. AL. PLATAS VARELA AC-552: CONTORNO CRUZ. R. BENITO VICETO	105.082,47	16.742,00	121.824,47
	12.3280.0009.0	HUMAN. AV. AL. PLATAS VARELA AC-552: CONTORNO CRUZ. RÚA CEDEIRA	42.507,34	6.696,81	49.204,15
		SUBTOTAL	411.473,62	66.968,05	478.441,67
Baña, A	12.3280.0010.0	DESBROZADORA PARA MANTEMENTO DE VÍAS MPAIS.	30.597,27	0,00	30.597,27
		SUBTOTAL	30.597,27	0,00	30.597,27
Boimorto	12.3280.0011.0	MELLORA CAM. EN CAMPO DA LANZA, LIÑEIRO E OUTROS	78.591,04	0,00	78.591,04
	12.3280.0012.0	MELLORA CAM. EN CASAL, PAZO, CARBALLIDO E OUTROS	37.053,71	0,00	37.053,71
		SUBTOTAL	115.644,75	0,00	115.644,75
					0,00
Boiro	12.3280.0013.0	PAV. DE BERMO, S. RAMÓN E S. MAURO	99.370,00	0,00	99.370,00
	12.3280.0014.0	PAV. DE FONTELA E AREAL	97.875,00	0,00	97.875,00

	12.3280.0015.0	PAV. DE SAR, PESQUEIRA E SEALO	97.337,55	0,00	97.337,55
		SUBTOTAL	294.582,55	0,00	294.582,55
					0,00
Capela, A	12.3280.0016.0	MELLORAS NA DEPURADORA AUGAS RESIDUAIS DE GUNXEL	30.772,26	0,00	30.772,26
		SUBTOTAL	30.772,26	0,00	30.772,26
					0,00
Carnota	12.3280.0017.0	OBRAS DE CONSERV. E SEGURIDADE VIARIA EN INFRA. MPAIS	57.495,05	0,00	57.495,05
	12.3280.0018.0	ADECU. E CONSERV. BEIRARRÚAS NA ESTRADA O VISO-PAXAREIRAS	50.088,42	0,00	50.088,42
		SUBTOTAL	107.583,47	0,00	107.583,47
Cerceda	12.3280.0019.0	REPA. ACCESOS A BELSAR E OUTROS	54.419,52	0,00	54.419,52
	12.3280.0020.0	REPA. ACCESOS A PORTOBREA- ESTRADA CERCEDA A ESTANDE	43.246,96	0,00	43.246,96
	12.3280.0021.0	LMTS RBT CAMPO DE PIÑEIRO	70.357,99	0,00	70.357,99
		SUBTOTAL	168.024,47	0,00	168.024,47
Cesuras	12.3280.0022.0	MELLORA PAV. CAM. PARRQ. DORDAÑO, BRAGADE E LOUREDA	49.987,50	0,00	49.987,50
	12.3280.0023.0	REPA E MANT. CAM. MPAIS. E MELLORA NA ETAP MEDIANTE ...	70.000,00	0,00	70.000,00
		SUBTOTAL	119.987,50	0,00	119.987,50
					0,00
Dumbría	12.3280.0024.0	ACD. CUB.E DEMAIS OBRAS ACCESORIAS NO INT. DO POLDVO.DO CONCO-DUMBRÍA	80.000,00	0,00	80.000,00
	12.3280.0025.0	REPA. ACC. A COUQUIÑO (OLVEIRA) E OUTROS	99.171,12	0,00	99.171,12
	12.3280.0026.0	REPA. ACC. EN PAZOS E XERPE (SALGUEIROS)	53.218,91	0,00	53.218,91
		SUBTOTAL	232.390,03	0,00	232.390,03
Frades	12.3280.0027.0	CONSERV. R. V. MPAL: GALEGOS, MESOS E MOAR	48.801,74	0,00	48.801,74
	12.3280.0028.0	CONSERV. REDE VIARIA ABELLÁ	40.848,15	0,00	40.848,15
	12.3280.0029.0	CONSERV. R.V. MPAL. CÉLTIGOS, VITRE, AIAZO, FRADES E PAPUCÍN	55.046,68	0,00	55.046,68
		SUBTOTAL	144.696,57	0,00	144.696,57
Mesía	12.3280.0030.0	REPA. CAM. EN TIEIRA DA BAIUCA (CABRUÍ) E OUTRO	53.150,13	0,00	53.150,13
	12.3280.0031.0	REPA. CAM. FONTE CAPELAS A BOADO (BOADO) E OUTROS	45.953,73	0,00	45.953,73
	12.3280.0032.0	MELLORA NA REDE DE AB. DE AUGA MPAL.	40.997,36	0,00	40.997,36
		SUBTOTAL	140.101,22	0,00	140.101,22
Moeche	12.3280.0033.0	REPA. IL. PUB. EN VARIOS LUGARES DO CONCELLO	53.846,61	0,00	53.846,61
	12.3280.0034.0	REPA DE INST. ELÉCTRICAS EN DEPENDCIAS MPAIS.	33.220,15	0,00	33.220,15

	12.3280.0035.0	REPA CAM. PEDREIRA-PIÑEIRO E OUTROS	30.527,68	0,00	30.527,68
		SUBTOTAL	117.594,44	0,00	117.594,44
Monfero	12.3280.0036.0	REPA. E MANT. DE CAM. DO TERMO MPAL.	160.025,17	0,00	160.025,17
		SUBTOTAL	160.025,17	0,00	160.025,17
Oleiros	12.3280.0037.0	MELLORAS EN STA. CRISTINA TRAT. DE MADEIRA NOS PASEOS MARITIMOS MERA E	59.641,69	3.139,04	62.780,73
	12.3280.0038.0	STA. CRUZ	35.758,82	1.882,04	37.640,86
	12.3280.0039.0	SUBM. MAQUINARIA MANT. VÍAS	74.477,31	3.919,86	78.397,17
		SUBTOTAL	169.877,82	8.940,94	178.818,76
Ordes	12.3280.0040.0	REPARACIÓN RÚA DE GALICIA	145.952,98	0,00	145.952,98
	12.3280.0041.0	REPA. RÚA CAMPOSANTO E OUTRAS	62.266,15	0,00	62.266,15
	12.3280.0042.0	REPA. IL. PUB. EN VARIAS RÚAS DO NÚCLEO URBANO DE ORDES	119.684,79	0,00	119.684,79
		SUBTOTAL	327.903,92	0,00	327.903,92
Oroso	12.3280.0043.0	URB. EN RÚA PORTIÑO (Nº 9 - Nº 23)	76.783,37	0,00	76.783,37
	12.3280.0044.0	REURB. DA RÚA XUNCAL	140.694,02	0,00	140.694,02
		SUBTOTAL	217.477,39	0,00	217.477,39
Outes	12.3280.0045.0	ADQUISICIÓN CAMIÓN LIXO	135.985,85	0,00	135.985,85
		SUBTOTAL	135.985,85	0,00	135.985,85
Paderne	12.3280.0046.0	REPARC. FOCHAS XERAL DE CAM. MPAIS. NO CONCELLO DE PADERNE	32.304,73	695,27	33.000,00
		SUBTOTAL	32.304,73	695,27	33.000,00
Pobra do Caramiñal,A	12.3280.0047.0	SUBS. REDE DE SUBM. NA RÚA LUÍS SEOANE	140.000,00	0,00	140.000,00
		SUBTOTAL	140.000,00	0,00	140.000,00
Pontes de García R., As	12.3280.0048.0	REPA. CAM MPAIS. EN SOMEDE, VILABELLA E OUTROS	188.193,43	0,00	188.193,43
	12.3280.0049.0	REPA. CAM MPAIS. EN DEVESO, ESPIÑAREDO, AS PONTES E O.	174.620,91	0,00	174.620,91
	12.3280.0050.0	OBRAS REPA. PISTAS DEPORT. DA CANLE IV E OUTROS	137.211,77	0,00	137.211,77
		SUBTOTAL	500.026,11	0,00	500.026,11
Sta. Comba	12.3280.0051.0	PAV. V.P. EN FORNOS, TORRE,, CRUCEIRO E OUTROS	111.913,95	0,00	111.913,95
	12.3280.0052.0	PAV. V.P. EN BUXÁN- PARDÍÑEIRA-MALLÓN EN VILARIÑO, S. CRISTOVO	114.330,94	0,00	114.330,94
	12.3280.0053.0	PAV. V.P. EN GULDRIS, O MATO E OUTROS	97.517,26	0,00	97.517,26
	12.3280.0054.0	PAV. V.P. NO CASTRO, NO	34.407,56	0,00	34.407,56

COUTO E OUTROS					
		SUBTOTAL	358.169,71	0,00	358.169,71

Santiso	12.3280.0055.0	REPA. CM. SOUTO-SILVA (ARCEDIAGO) E OUTROS	57.099,98	0,00	57.099,98
	12.3280.0056.0	REPA. CM. CASAS NOVAS-VIDE (RAIRIZ) E OUTROS	40.105,09	0,00	40.105,09
	12.3280.0057.0	REPA. CM. SAN ROMÁN (CASTRO)-LÍMITE ARZÚA (BOENTE) E OUTROS	36.378,20	0,00	36.378,20
		SUBTOTAL	133.583,27	0,00	133.583,27

Touro	12.3280.0058.0	REPA. CM. IGREXA DE PREVEDIÑOS A LIM. BOQUEIXÓN EN LOUREDA E OUTROS	39.229,92	0,00	39.229,92
	12.3280.0059.0	REPA. CM. DE TRUCES A BRANZÁ E OUTROS	32.664,12	0,00	32.664,12
	12.3280.0060.0	REPA. CM. DE SAR A MILLARES	37.024,00	0,00	37.024,00
		SUBTOTAL	108.918,04	0,00	108.918,04

TOTAL APARTADO A)	4.324.783,66	76.604,26	4.401.387,92
--------------------------	---------------------	------------------	---------------------

DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS
1ª FASE ANUALIDADE 2012

ANEXO I : APARTADOS A - B - C

B) Honorarios redacción de proxectos

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Capela, A	12.3280.0201.0	HONORARIOS REDACCIÓN PROX. MELLORAS DEP. GUNXEL	900,00	0,00	900,00
		SUBTOTAL	900,00	0,00	900,00
Cerdeceda	12.3280.0202.0	HONOR. REDCC. PRX. MELLORA ACCESOS COLEXIO CERCECEDA	2.000,00	0,00	2.000,00
	12.3280.0203.0	HONOR. REDCC. PRX. URBA. EN PICARDEL	2.861,50	0,00	2.861,50
	12.3280.0204.0	HONOR. REDCC. PRX.COMPL. I DE URB. PARQ. IND. DEL ACEVEDO	16.782,07	0,00	16.782,07
	12.3280.0205.0	HONOR. REDCC. PRX.CENTRO DE FORMACIÓN EN LONDOÑO	29.345,18	0,00	29.345,18
	12.3280.0206.0	HONOR. REDCC. PRX. CENTRO DE SPA.	25.535,20	0,00	25.535,20
	12.3280.0207.0	HONOR. REDCC. PRX. ACD. DE CENTROS SOCIAS EN DIF. PRRQ.	12.759,17	0,00	12.759,17
	12.3280.0208.0	HONOR. REDCC. PRX. ENSANCHE DO ACCESO AO C. DE SAÚDE	708,64	0,00	708,64
		SUBTOTAL	89.991,76	0,00	89.991,76

Moeche	12.3280.0209.0	HONORA REDCC. PROX. REPA. IL. PUB. EN VARIOS LUGARES	1.357,47	0,00	1.357,47
	12.3280.0210.0	HONORA REDCC. PROX. REPA.INT. ELÉCTRICAS EN DEP. MPAIS	837,48	0,00	837,48
	12.3280.0211.0	HONORA REDCC. PROX. REPA.CAM. PEDREIRA-PIÑEIRO	769,61	0,00	769,61
SUBTOTAL			2.964,56	0,00	2.964,56

TOTAL APARTADO B)	93.856,32	0,00	93.856,32
--------------------------	------------------	-------------	------------------

DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS
1ª FASE ANUALIDADE 2012

ANEXO I : APARTADOS A - B - C

C) Achegas a outros plans, programas ou convenios

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Cabanas	12.3280.0301.0	ACHEGA. MPAL. PROG. CONSERV. RECURSOS NATURAIS	10.535,76	0,00	10.535,76
SUBTOTAL			10.535,76	0,00	10.535,76
			0,00		
Oza dos Ríos	12.3280.0302.0	ACHEGA. MPAL. CONVENIO DEPUTACIÓN "MELLORA FIRME CAM. EN OZA"	23.011,78	0,00	23.011,78
SUBTOTAL			23.011,78	0,00	23.011,78
Paderne	12.3280.0303.0	ACHEGA. MPAL. CONVENIO 201/2012 CAM. PENADAGUÍA	7.500,00	0,00	7.500,00
SUBTOTAL			7.500,00	0,00	7.500,00

TOTAL APARTADO C)	41.047,54	0,00	41.047,54
--------------------------	------------------	-------------	------------------

--

DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS**1ª FASE ANUALIDADE 2012****ANEXO II : APARTADO D****D) Gastos correntes**

CONCELLO	CANTIDADE DESTINADA A GASTOS CORRENTES
Ames	382.245,04
Aranga	75.000,00
Ares	157.008,22
Baña, A	176.046,23
Boimorto	60.000,00
Boqueixón	192.207,44
Brión	205.896,90
Cabanas	142.612,70
Camariñas	165.015,56
Capela, A	105.814,43
Carnota	61.791,84
Cesuras	56.798,21
Coirós	133.702,02
Corcubión	99.188,53
Coruña, A	1.703.650,66
Dodro	103.832,69
Frades	41.153,54
Laxe	194.468,55
Lousame	183.180,83
Mesía	57.648,45
Moeche	9.832,22
Monfero	101.298,97
Muxía	231.693,57
Narón	426.593,84
Negreira	266.001,19
Noia	211.414,79
Oleiros	196.734,77
Outes	83.154,18
Oza dos Ríos	146.777,31
Paderne	92.500,00
Pino, O	248.511,48
P.Caramiñal	37.883,12
Pontedeume	188.378,14
Ribeira	324.443,28

Rois	208.811,61
Santa Comba	42.196,19
Santiso	64.085,67
Somozas, As	251.199,31
Tordoia	219.098,51
Touro	120.759,93
Valdoviño	207.888,56
Val do Dubra	207.066,79
Vedra	180.474,44
Vilarmaior	107.813,07
Vilasantar	133.145,83
TOTAL APARTADO D	8.605.018,61

31.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO Nº 2 DA OBRA “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE NANTÓN” DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2010. CÓDIGO: 10.3300.0157.0.

Por unanimidade apróbbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado nº 2 da obra “**Ampliación da rede de saneamento e abastecemento de auga no lugar de Nantón**” do concello de Cabana de Bergantiños, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2010.Código: 10.3300.0157.0 que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado inicial previsto no proxecto orixinal.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>		<u>Pres.contrata</u>	<u>Pres.adxud.</u>
10.3300.0157.0	Cabana de Bergantiños	Ampl.rede san.abast.auga Nantón	Deputación	179.664,50	179.664,50
			Concello	19.597,10	18.501,15
			Total	199.261,60	198.165,65”

32.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE CORCOESTO” DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2010. CÓDIGO: 10.3300.0158.0.

Por unanimidade apróbbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “**Ampliación da rede de saneamento e abastecemento de auga no lugar de Corcoesto**” do concello de Cabana de Bergantiños, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2010.Código:

10.3300.0158.0 que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración das partidas internas do orzamento, e do trazado inicial previsto no proxecto orixinal.

Código	Concello	Denominación		Pres.contrata	Pres.adxud.
10.3300.0158.0	Cabana de Bergantiños	Ampl.rede san.abast.auga Corcoesto	Deputación	140.881,36	140.881,36
			Concello	15.366,79	14.507,41
			Total	156.248,15	155.388,77"

33.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CREACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE SANEAMENTO NA RÚA SANTA LUCÍA” DO CONCELLO DE MUGARDOS INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011. CÓDIGO: 11.2100.0116.0.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Creación de rede separativa de saneamento na rúa Santa Lucía” do concello de Mugardos incluída no POS 2011, cun orzamento de contrata de 82.498,66€ co código 11.2100.0116.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade, emprazamento ou obxecto da obra, si implica unha variación interna das súas partidas superior ao 30% do seu presuposto de execución material.

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación E.propios	Concello.	Orzamento Total
11.2100.0116.0	Mugardos	Creación rede separativa de saneam.rúa Sta Lucía	78.370,00	4.128,66	82.498,66"

34.-TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO PARA O ESTABLECEMENTO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DA BAÑA, NEGREIRA, SANTA COMBA E VAL DO DUBRA PARA A CONSTITUCIÓN DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL DE XALLAS-BARCALA-DUBRA, APROBADO POLOS RESPECTIVOS CONCELLOS DA BAÑA, NEGREIRA, SANTA COMBA E VAL DO DUBRA E DA DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DOS RESPECTIVOS CONCELLOS, ASÍ COMO DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN NO CITADO CONVENIO.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Tomar coñecemento da aprobación do convenio marco para o establecemento das bases de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e os Concellos da Baña, Negreira, Santa Comba e Val do Dubra para a constitución da Comunidade Intermunicipal de Xallas-Barcala-Dubra, aprobado polos respectivos Concellos da Baña, Negreira, Santa Comba e Val do Dubra, cuxo texto foi aprobado definitivamente polo Pleno da Deputación o 29 de xuño de 2012 e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 90 do 14 de maio de 2012.

2º.- Tomar coñecemento dos representantes designados por cada concello que son os seguintes:

A Baña: D. José Andrés García Cardeso, Alcalde e D. Manuel Señarís, Concelleiro

NEGREIRA: D. José Blanco Pazos, Alcalde e D. Juan José Rey Maceira, 1er Tenente de Alcalde

SANTA COMBA: D. Antonio M. Landeira Gallardo, Alcalde e Dna. María Josefa Pose Rodríguez, Concelleira de Servizos Sociais

VAL DO DUBRA: D. Ramón Varela Muíño, Alcalde e Dna. Susana Iglesias Blanco, Concelleira

3º.- Designar en representación da Deputación os seguintes deputados provinciais:

D. Manuel Taboada Vigo

D. Carlos Enrique López Crespo

4º.- Formalizar o correspondente convenio

5º.- Facultar o presidente da Deputación ou deputado/a en quen delegue para a súa sinatura.”

35.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN TIERRA DE HOMBRES ESPAÑA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “VIAXE CARA A VIDA 2012”.

Por unanimidade apróbbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o seguinte convenio:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN TIERRA DE HOMBRES ESPAÑA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “VIAXE CARA Á VIDA 2012”

Na Coruña, o de de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Raúl Besada Vázquez, DNI núm. 32.438.922-K, que intervén neste acto en nome e representación da “Fundación Tierra de Hombres España”, CIF G-80956733, con domicilio social na Rúa Os Canteiros 1, CP 15176 Nós – Oleiros (A Coruña), como Delegado para Galicia.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A “Fundación Tierra de Hombres España” (a beneficiaria, en adiante), CIF G80956733, é unha organización non governamental de desenvolvemento constituída no ano 1994 ao amparo da Lei 50/2002, de fundacións, que forma parte do *Movemento Internacional Terre des Hommes*, creado en Lausanne (Suiza) en 1960. É membro asociado da *Federación Internacional Terre des hommes (FITDH)*, a segunda agrupación de ONGD de atención á infancia e Organismo Consultivo do *Consello Económico e Social de Nacións Unidas*, de UNICEF e do Consello de Europa.

O proxecto “*Viaxe cara á Vida*” enmárcase nun programa de atencións médicas especializadas que promove a beneficiaria, consistente na mellora dos recursos sanitarios propios dos países do sur, co obxectivo de que os seus centros sanitarios poidan atender as necesidades da poboación. Cando isto non é posible, particularmente porque a enfermidade afecta os máis pequenos e se precisa unha tecnoloxía inexistente no seu país de orixe, é cando se pon en funcionamento o proxecto “*Viaxe cara á Vida*”.

A Deputación da Coruña, que xa colaborou en edicións anteriores deste proxecto, intervén no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, prevista na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo de .../.../2012, a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade “Fundación Tierra de Hombres España”, por importe de 8.000,00 euros, para o financiamento do proxecto “*Viaxe cara á Vida 2012*”.

Dado o interese coincidente da Deputación e Fundación Tierra de Hombres España, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto “*Viaxe cara á Vida*” desenvólvese no ámbito nacional, a través dunha rede de colaboradores tanto no terreo, onde se seleccionan os casos máis necesitados, como nos países do norte, onde a través de convenios con centros sanitarios e con familias de acollida, trasládanse os enfermos, facilítaselles a atención médica especializada que precisen e, unha vez recuperados, devólvense aos seus lugares de orixe e entréganse ás súas familias.

A través de acordos da Fundación Tierra de Hombres España cos centros sanitarios da nosa comunidade autónoma, no ano 2012 está previsto traer entre 8 e 10 nenos/as, procedentes de distintos países africanos (Benin, Guinea Conakry, Madagascar, Marrocos, Mauritania, Senegal, Togo, etc.) ou doutras procedencias nas que se dean as circunstancias de necesidade aludidas.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución ascende a un equivalente de **10.000,00 €**, que se resume nas seguintes partidas:

CONCEPTO DE GASTO	IMPORTE
Gastos do persoal coordinador do programa en Galicia	8.700,00
Comunicacións (correo, mensaxería e teléfono)	600,00
Material sensibilización (revista, folletos, web, etc.)	500,00
Seguros de voluntarios e nenos beneficiarios	200,00
TOTAL	10.000,00

Os citados importes constitúen a parte proporcional dos gastos de execución do proxecto en canto aos beneficiarios que sexan atendidos en centros sanitarios da Galicia.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 8.000,00 euros, o que equivale a un 80,00 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustifico.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

1.1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A esta memoria acompañarase unha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago.

Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.3 Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.4 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

1.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.6 Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

1.7 Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial desenvolveranse durante o período 1.01.2012 e o 31.12.2012, tal e como se recolle na cláusula primeira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES, contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá

dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..
4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.01.2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2013.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.04.2013, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2013. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo con data do de do 2012.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da Fundación Tierra de
Hombres España

Asdo: D. Diego Calvo Pouso

Asdo: D. Raúl Besada Vázquez

2º.- Facultar a Presidencia da Corporación para a formalización e execución do Convenio.”

36.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ 2012”.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o seguinte convenio:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ 2012”

Na Coruña, o de de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dna. María Isla Avión, con DNI 35.544.300-P, en representación da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, CIF G-15924558, con domicilio social na Avda. do Alcalde Gregorio Espino, 57 Baixo, 36205 - Vigo (Pontevedra), como presidenta da citada Asociación.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (a beneficiaria, en adiante) é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída en 2004, ao amparo da Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Entre os seus fins figura, entre outros, desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharauí e, en xeral, a promoción dos vínculos da sociedade galega co pobo saharauí.

Dende 2008 a Deputación da Coruña ven colaborando coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, mediante o apoio financeiro a distintos proxectos en prol da infancia dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria). Nesta ocasión, a beneficiaria solicita o apoio da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento dunha nova edición do proxecto “Vacacións en Paz 2012”.

O Plan director da cooperación española 2009-2012 prevé entre as prioridades xeográficas da cooperación española a axuda ao pobo saharauí, e que, por outra banda, o proxecto está en sintonía coas prioridades transversais e sectoriais do Plan director da cooperación Galega 2010-2013, na medida que reforza o dereito ao desenvolvemento e contribúe á sensibilización e á educación para o desenvolvemento.

Polo que respecta á competencia da Deputación Provincial da Coruña, tanto a normativa estatal, contida esencialmente na Lei 23/1998, de Cooperación internacional ao desenvolvemento, como a galega, Lei 3/2003, de Cooperación ao desenvolvemento, contemplan ás entidades locais, entre outras institucións, como principais actores nesta materia, razón pola que mediante acordo do Pleno Corporativo do .../.../2012, aprobouse a concesión dunha subvención nominativa a favor da “Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, por importe de 21.805,00 euros, para o financiamento do proxecto “Vacacións en Paz 2012”.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

Igual que en edicións anteriores, o proxecto “Vacacións en Paz 2012”, en cuxa virtude centos de nenos/as saharauís abandonan temporalmente as duras condicións de vida dos seus lugares de orixe, para pasar o período de vacacións escolares (xullo e agosto) nun ambiente distinto, acollidos por familias españolas, desenvolverase coa colaboración de diversas entidades públicas (concellos, deputacións, etc.) e privadas, en todo o territorio español.

A súa execución estará a cargo da "Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí", que actuará en colaboración coa Delegación Saharauí para Galicia e as familias e concellos de acollida.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución do proxecto, que afecta aos gastos de desprazamento de 35 nenos/as, ascende a **31.150,00 €**, o que representa un custo por neno/a de 890 €, no que se inclúe:

- Billete de ida e volta de cada neno/a
- Póliza de seguro de responsabilidade civil
- Gastos e billetes de acompañantes e de manutención
- Gastos de xestión do programa

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 21.805,00 euros, o que equivale a un 70,00 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificable non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a

Deputación só achegará o importe que represente o 70,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

1.1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A esta memoria acompañarase unha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.3 Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

1.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.6 Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

1.7 Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial desenvolveranse durante entre o 1.06.2012 e o 30.09.2012, tal e como se recolle na cláusula primeira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refíre a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES, contado a partir da

finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e

pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54^a das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.06.2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 31.12.2012.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 31.10.2012, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30.12.2012. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo con data do de do 2012.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da Asociación
Solidariedade Galega co Pobo Saharaí

Asdo: D. Diego Calvo Pouso

Asdo: Dna. Maite Isla Avión

2º.- Facultar a Presidencia da Corporación para a formalización e execución do convenio.”

37.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN COLABORACIÓN Y ESFUERZO, PARA O FINANCIAMENTO DO “PROXECTO DE PREVENCIÓN SOCIAL DE NENOS/AS E MOCIDADE DE GRUPOS EN SITUACIÓN DE RISCO, EN TEGUCIGALPA-HONDURAS”.

Por unanimidade apróbbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o seguinte convenio:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN COLABORACIÓN Y ESFUERZO, PARA O FINANCIAMENTO DO “PROXECTO DE PREVENCIÓN SOCIAL DE NENOS/AS E MOCIDADE DE GRUPOS EN SITUACIÓN DE RISCO, EN TEGUCIGALPA – HONDURAS”

Na Coruña, o de de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Luis María Vázquez Arcay, con DNI 3532.399.430-C, que intervén neste acto en nome e representación da "*Asociación Colaboración y Esfuerzo - ACOES*", CIF G-15730542, con enderezo na Rúa Francisco Mariño, 21 – 1º esquerda, da Coruña, como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A *Asociación Colaboración y Esfuerzo - ACOES* (a beneficiaria, en adiante), CIF G-15730542, é unha organización non gobernamental para o desenvolvemento, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2004/007607-1 (SC) e no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais de Axuda ao Desenvolvemento, co número 104.

O proxecto que promove a beneficiaria, pretende mellorar as condicións de vida dos habitantes da Colonia Villa Cristina – Tegucigalpa (Honduras), marcada pola extrema pobreza e a inseguridade que provoca o alto nivel de delincuencia a través de pandas xuvenís e bandas organizadas denominadas “maras”, mediante unhas estratexias de intervención que incidan no desenvolvemento individual e interpersonal da mocidade, no reforzo do seu desenvolvemento educativo e a formación profesional, proporcionando coñecementos aos seus responsables (pais, nais ou titores) que contribúan a mellorar as súas condicións de vida.

A súa execución afecta a un dos países cun nivel de desenvolvemento humano máis baixo do planeta (IDH/2011: 121, sobre 187), cualificado como xeograficamente prioritario polo “Plan director da cooperación galega 2010 – 2013”. Ademais, ao incidir no acceso á educación de grupos en situación de risco, contribúe á consecución do 2º dos Obxectivos de desenvolvemento do milenio (universalización da ensinanza primaria) e á inclusión social e loita contra a pobreza, razón pola que é configurado tamén como prioridade horizontal e transversal tanto para a cooperación galega como para a estatal.

A Deputación da Coruña, que xa colaborou neste proxecto nos anos 2009 e 2011, colabora novamente no presente ano 2012, no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, disposta na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Polas razóns anteriores, mediante acordo do Pleno Corporativo do .../.../2012, a Deputación da Coruña aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da “*Asociación Colaboración y Esfuerzo – ACOES*”, por importe de 18.508,26 euros, para o cofinanciamento do "*Proxecto de prevención social de nenos/as e MOCIDADE de grupos en situación de risco en Tegucigalpa - Honduras*".

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O "Proxecto de prevención social de nenos/as e mocidade de grupos en situación de risco en Tegucigalpa - Honduras", ten como obxectivo xeral mellorar as condicións de vida dos nenos/as e mocidade da Colonia Villa Cristina (Tegucigalpa) e como obxectivo específico que os nenos/as e mocidade acaden a integración social, familiar e no sistema educativo do país.

Tal e como se detalla no documento de formulación do proxecto que se acompaña, as actuacións desenvolveranse durante o ano 2012 nos seguintes fronts:

- 1) Fomentando o desenvolvemento individual e interpersoal dos beneficiarios, mediante a atención médica, psicolóxica e nutricional, excursións, ludoteca, charlas semanais sobre valores, economía de fichas e festival da canción mímica;
- 2) Reforzando o desenvolvemento educativo e a formación profesional de cada beneficiario, facilitar as matrículas nos centros educativos do país, subministración de material escolar necesario, reforzo escolar, taller de serigrafía, taller de computación e visitas escolares; e
- 3) Proporcionándolles aos responsables dos beneficiarios os coñecementos que contribúan a mellorar as súas condicións de vida.

Da execución do proxecto beneficiaranse directamente 110 persoas, aproximadamente, dos que 60 son nenos/as e MOCIDADE de idades comprendidas entre os 7 e os 18 anos, e 50 son os responsables dos anteriores (pais, nais ou titores). Asemade, beneficiaranse directamente un grupo doutros 300 mozos e mozas da zona de influencia do proxecto, que teñen acceso a algunhas das actividades que se realizan no Centro Santa Mónica. Indirectamente beneficiaríase toda a poboación da Colonia Villa Cristina, unhas 7.000 persoas, que poderán gozar dun ambiente menos conflitivo na zona.

A intervención da beneficiaria farase a través da súa contraparte hondureña do mesmo nome "Asociación Colaboración y Esfuerzo –ACOES Honduras", organización con experiencia acreditada na execución de proxectos desta natureza en Honduras, que para estes efectos creou no ano 2004 un centro educativo e asistencial, Centro Santa Mónica, na Colonia de Villa Cristina - Tegucigalpa.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución, segundo se indica no documento de formulación do proxecto, ascende a 37.016,52 €, cuxo detalle é o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Funcionamento (luz, auga, gas, comunicacións)	1.316,52
Mantemento (pintura, pequenas reparacións, limpeza)	1.130,43
Nutrición	7.565,22
Saúde	434,78
Material para talleres (serigrafía, computación, etc.)	1.695,65
Material didáctico para uso no centro	652,15
Proxector	695,65
Mochilas equipadas	1.591,30
Uniformes escolares	1.326,09
Actividades lúdicas (excursións, saídas e equipo)	2.086,96
Coordinador/a	2.608,70
Educadores/as	6.260,88
Psicólogo/a	2.347,83
Cociñeiros/as	156
Vixiantes	3.652,18
TOTAL	37.016,52

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 18.508,26 euros, o que equivale a un 50,00 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 50,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

1.1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A esta memoria acompañarase unha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

1.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

1.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Porén, a entidade beneficiaria poderá solicitar o aboamento dun primeiro prazo, con carácter de anticipo prepagable, por importe equivalente ao 50 % da achega concedida, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (bases 48ª e 56ª das de execución do presuposto provincial para o 2012, en relación coa Disposición Adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

2.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentada a xustificación correspondente.

2.2. Xunto coa solicitude do pagamento anticipado, a entidade beneficiaria deberá acreditar o seguinte:

2.2.1. A apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender o proxecto de prevención social da nenez e mocidade de grupos en situación de risco en Tegucigalpa (Honduras)”, con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

2.2.2. O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

2.2.3. Compromiso de colaboración da contraparte local, en virtude do cal esta se compromete coa beneficiaria a colaborar na execución do proxecto, nos termos do presente convenio.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial desenvolveranse entre o 1.01.2012 e o 31.12.2012, tal e como se recolle na cláusula primeira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES, contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa

Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei

38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.01.2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2013.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.04.2013, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado.

Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2013. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo con data do de do 2012.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña En representación da Asociación
Colaboración y Esfuerzo - ACOES

Asdo: D. Diego Calvo Pouso

Asdo: D. Luis María Vázquez Arcay

2º.- Facultar a Presidencia da Corporación para a formalización e execución do convenio.”

38.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS PARA FÓRMULAS E XESTIÓN DO TEMPO LIBRE.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o seguinte convenio:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS PARA FÓRMULAS E XESTIÓN DO TEMPO LIBRE

Na Coruña o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, asistido polo Secretario D. José Luís Almau Supervía.

Dona Paula Rosende Couto, Presidenta da Organización de Empresas Prestadoras de Servizos Sociais., CIF G70239496

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Organización de Empresas Prestadoras de Servizos Sociais, é unha entidade privada sen ánimo de lucro e con carácter benéfico social, constituída no ano 2009, na que se integran empresarios da Comunidade Autónoma de Galicia que se dedican, de forma habitual, ao desenvolvemento de distintas actividades orientadas ao melloramento da rama dos servizos sociais, dende calquera perspectiva.

2.- Esta entidade busca fomentar e manter a calidade dos servizos prestados, e desenvolver medidas para o fomento da igualdade, así como actuacións de difusión e de formación relacionadas, especificamente, co desenvolvemento e implantación da sociedade da información.

3.- Neste contexto, a Organización de Empresas Prestadoras de Servizos Sociais desenvolve o proxecto denominado *Fórmulas e xestión do tempo libre*, que ten lugar na provincia da Coruña, e que se presenta como unha experiencia innovadora de carácter experimental, con diferentes impactos previstos, tanto no ámbito persoal, como social e cultural.

Tendo en conta todo o exposto, a Deputación Provincial da Coruña está interesada na posta en funcionamento do proxecto sinalado no parágrafo anterior e, por iso, as dúas entidades acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Organización de Empresas Prestadoras de Servizos Sociais, (en adiante OEPSS) para financiar o proxecto denominado *Fórmulas e xestión do tempo libre*, co seguinte contido:

* Realizar actividades de formación dirixidas a mozas e mozos de concellos da provincia da Coruña para divulgar entre eles novas fórmulas de ocupación e xestión do seu tempo libre, como alternativas sociais e culturais a outras actividades que son prexudiciais, tanto para a súa saúde como para o seu desenvolvemento persoal.

* Realizar actividades encamiñadas á formación das mozas e mozos para o seu desenvolvemento profesional en ámbitos relacionados coa ocupación e coa xestión de tempo libre, para traballar como monitores.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O orzamento correspondente ás actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, é o seguinte:

* Gastos de persoal (dous técnicos)	1.269,63€
* Elaboración de material divulgativo e informativo	11.150,00€
* Contratación de profesorado	6.400,00€
* Bolsas alumnado	1.888,75€
* Outros gastos (seguros e xestoría)	310,06€

***Total gastos* 21.018,44 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribúe ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **16.768,00€**, o que representa unha porcentaxe do **79,78 %**.

A contía restante, ata alcanzar o importe total do presuposto da actividade está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,78% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a OEPSS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificadado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificadado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á OEPSS.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á OEPSS, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a OEPSS debe solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.-En caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da OEPSS.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á OEPSS, despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da OEPSS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a OEPSS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á OEPSS para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á OEPSS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola OEPSS na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a OEPSS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A OEPSS deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A OEPSS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a OEPSS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a OEPSS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a OEPSS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do

12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da OEPSS serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á OEPSS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31.03.2013, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude da OEPSS, polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado, por acordo expreso de ambas as dúas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, como máximo ata o 31.10.2013.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario o
E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

2º.- Facultar a Presidencia da Corporación para a formalización e execución do convenio.”

39.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE PADRÓN EN MATERIA DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DE TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E CALQUERA OUTRO INGRESO DE DEREITO PÚBLICO DE CARÁCTER NON PERIÓDICO OU DE PERIODICIDADE INFERIOR AO ANO.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Padrón en relación coa seguinte materia:

- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

40.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL XERAL: Modificación do artigo 7.

" Artigo 7.- Concorrenza de varios obrigados tributarios.

A concorrenza de varios obrigados tributarios nun mesmo orzamento dunha obriga, determinará que queden solidariamente obrigados fronte á Administración tributaria provincial, ao cumprimento de todas as prestacións, salvo que por lei se dispoña expresamente outra cousa.

Cando a Deputación só coñeza a identidade dun titular, practicará e notificará as liquidacións tributarias ao seu nome, o cal virá obrigado a satisfacelas se non solicita a súa división.

Para que proceda a división, será indispensable que o solicitante facilite os datos persoais e o domicilio dos restantes obrigados ao pago, así como a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido, mediante comunicación expresa para o efecto, á que deberán acompañarse os medios documentais xustificativos da procedencia da división

En relación co imposto sobre bens inmobles rústicos, só se atenderán as solicitudes de división cando a cota que se ha ingresar por parcela para cada un dos obrigados tributarios resulte superior a 3 €.

Salvo que a normativa reguladora de cada tributo estableza outra cousa, cando se trate de tributos periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, para que a solicitude de división produza efectos, deberá presentarse no prazo establecido para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.

Non tratándose de supostos de alta no correspondente padrón ou matrícula, a petición de división producirá efectos a partir do seguinte período impositivo a aquel en que se presentou a solicitude.

Nos tributos de natureza instantánea, a solicitude de división, para que produza efectos fronte á Administración provincial, deberá presentarse antes da finalización do prazo para declarar a realización do feito imponible ou, no seu caso, para presentar en prazo a correspondente autoliquidación.

Nos restantes casos, a solicitude de división deberá presentarse nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria."

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra da modificación da ordenanza fiscal xeral.

4º.- A ordenanza fiscal xeral comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións en contra dela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicárase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal esta rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo."

41.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE PUBLICACIÓN DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 2 reguladora da taxa por servizo de publicacións do Boletín Oficial da Provincia.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE PUBLICACIÓN DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA (artigo 7).

"Artigo 7.- Bases de imposición e tipos de gravame.

A base impoñible determínase pola cantidade de caracteres (carácter tipográfico incluídos os espazos en branco) e/ou espazo das imaxes do texto que se ha publicar e o modo de remitir o texto orixinal.

- TARIFA: *Publicación de anuncios ou documentos diversos:*

1.- Inserción de textos remitidos con sinatura electrónica. Anuncios publicados con carácter urxente:

A- Importe por carácter: 0,0795 euros/carácter.

B- Imaxes: 0,4605 €/cm²

2.- Inserción de textos remitidos con xustificante electrónico. Anuncios publicados con carácter urxente:

A- Importe por carácter: 0,0795 euros/carácter.

B- Imaxes: 0,4605 €/cm²

3.- Inserción de textos remitidos en papel. Anuncios publicados con carácter urxente:

A- Importe por carácter: 0,1135 euros/carácter.

B- Imaxes: 0,6580 €/cm²

Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deban realizar os impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito."

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 2.

4º.- A ordenanza fiscal nº 2 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal esta rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo."

42.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS, ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E DEREITOS DE EXAME.

Por unanimidade apróbese o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS, ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E DEREITOS DE EXAME (artigo 6)

Artigo 6.- Bases de imposición e tipos de gravame.

As bases de imposición e tipos de gravame son os recollidos na seguinte tarifa:

1.- Detalle de documentos en expediente administrativo, cuxos orixinais queden en poder de particulares, cada folio 1,65 €.

2 - Certificacións:

2.1.- ordinarias, cada folio 4,75 €.

2.2.- Prestación do servizo de expedición de documentos catastrais a través do Punto de Información Catastral:

2.2.1.- Por certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a un inmovible, por documento expedido: 13,30 euros.

Cando as certificacións descritivas ou gráficas incorporen, a pedimento do interesado datos doutros inmoables, a contía incrementarase en 4,45 euros por cada inmovible.

2.2.2.- Por certificacións catastrais literais, por cada documento expedido: 4,45 euros.

Incrementarase en 4,45 euros por cada un dos bens inmoables a que se refira o documento.

2.2.3.- Outro tipo de certificacións distintas ás anteriores: 4,45 euros.

3.- Copia simple de documentos:

3.1.- Por cada copia en branco e negro en papel formato DIN-A4 ou tamaño folio de documentos que figuren en expedientes administrativos. Primeira folla, 1,00 €, cada unha das follas seguintes, 0,25 €

3.2.- Por cada copia en branco e negro en papel formato DIN-A4 ou tamaño folio de documentos que figuren en expedientes administrativos que consten nos centros de Arquivo de titularidade da Deputación Provincial da Coruña. Primeira folla, 1,65 €. Cada unha das follas seguintes, 0,55 €.

4.- Planos e documentos técnicos:

Das copias de planos existentes en calquera dependencia provincial, non suxeitas a outra taxa, segundo formato:

4.1.- Planos tamaños DIN-A4, 1,40 €

4.2.- Planos tamaños DIN-A3, 2,85 €

- 4.3.- Planos tamaños DIN-A2, 5,60 €
- 4.4.- Planos tamaños DIN-A1, 11,10 €
- 4.5.- Planos tamaños maior que DIN-A1, 20,55 €

5.- Contratos administrativos: en toda clase de contratos administrativos, calquera que sexa o procedemento de adxudicación, e atendendo ás diversas fases do expediente administrativo, aplicaranse as seguintes tarifas:

5.1.- Contratos administrativos: Formalización, cada folio, 2,90 €

5.2.- Ademais da cota resultante do número anterior, por contía do contrato que vén determinada polo orzamento de adxudicación aplicarase a modalidade de alicuota por tramos:

- 5.2.1.- Se o valor non excede de 30.000,00 € o 0,18%.
- 5.2.2.- Polo exceso, entre 30.000,01 € ata 300.000,00 €, 0,08%.
- 5.2.3.- Polo que excede de 300.000,00 €, 0,03%.

6.- Validación de poderes e lexitimación de personalidade sempre que se solicite a súa achega para realizar actos, contratos e outros trámites desta Deputación ou dos establecementos que dela dependen:

- 6.1.- Persoas xurídicas, 9,95 €
- 6.2.- Persoas físicas, 5,00 €

7.- Expedición de duplicados e informes en relación con datos que consten na Base informática dos Servizos Tributarios:

- 7.1.- Informe sobre a situación dunha liquidación en xestión de cobranza, 2,35 €.
- 7.2.- Informe acerca de se un obrigado está ao corrente no pago das súas débedas, 4,00 €.
- 7.3.- Outros informes sobre situacións tributarias, 4,50 €.

8.- Expedición de informes en relación con datos que consten na Base informática do Servizo de Contabilidade:

- 8.1.- Informe sobre volume de operacións declaradas no modelo 347 “declaración anual de operacións con terceiras persoas”, 4,00 €.
- 8.2.- Informe de auditorías relativos ao saldo a unha data e/ou operacións realizadas durante un período de tempo determinado entre a empresa ou entidade solicitante e esta Deputación:
 - 8.2.1.- Exercicio inmediato anterior, 4,00 €.
 - 8.2.2.- Outros exercicios, 8,00 €.

9- Dereitos de exame.

9.1.- Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo de titulación A: Subgrupo A1, ou como laboral fixo ao nivel 1, 31,65 €
9.2.- Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo de titulación B: Subgrupo A2, ou como laboral fixo ao nivel 2, 23,70 €
9.3.- Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo de titulación C: Subgrupo C1, ou como laboral fixo a niveis equivalentes, 15,85 €
9.4.- Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo de titulación D: Subgrupo C2, ou como laboral fixo a niveis equivalentes, 11,90 €
9.5.- Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo de titulación E, ou como laboral fixo a niveis equivalentes, 9,50 €
10.- Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deban realizar os impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito."

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 3.

4º.- A ordenanza fiscal nº 3 comezará a rexer:

a) Se non se producen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicárase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal esta rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo."

43.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 4 reguladora da taxa por servizos no Polígono industrial de Sabón.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN (artigo 6).

"Artigo 6.- Bases de imposición e tipos de gravame.

As bases de imposición e tipos de gravame son os recollidos nas seguintes tarifas:

Tarifa Primeira.- Subministración de auga:

-Por cada metro cúbico de auga subministrada, medidos por contador ou estimados na forma disposta no apartado 6 do art.7, pagaranse 0,290 €

-Fíxase o mínimo de percepción en 26,10 € ao trimestre, con dereito a recibir 90 m³ de auga en igual período.

Tarifa Segunda.- Rede de sumidoiros:

-Satisfarase unha tarifa mínima de 55,70 € ao trimestre. As empresas que reciban un volume de auga superior aos 600 m³ trimestrais, satisfarán sobre o exceso unha tarifa adicional de 0,060 € por cada m³.

Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deban realizar os impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito."

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 4.

4º.- A ordenanza fiscal nº 4 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal esta rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

44.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POR AUTORIZACIÓNS DE UTILIZACIÓNS PRIVATIVAS E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS NAS VÍAS PROVINCIAIS.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa por autorizacións privativas e aproveitamentos especiais nas vías provinciais.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POR AUTORIZACIÓNS DE UTILIZACIÓNS PRIVATIVAS E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS NAS VÍAS PROVINCIAIS (artigo 3.2)

" Artigo 3.- Feito imponible e devengo.

2.- O devengo prodúcese e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude das obras.

Así mesmo, xurdirá a obriga de contribuír, no momento de iniciarse na zona de afección das vías provinciais calquera tipo de obras ou instalacións fixas ou provisionais, cambiar o seu uso ou o seu destino e plantar ou talar árbores, aínda que non se formulase a correspondente solicitude de licenza."

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 8.

4º.- A ordenanza fiscal nº 8 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal esta rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo."

45.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO CONSERVATORIO DE DANZA.

Por unanimidade apróbbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal Nº 10 reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO CONSERVATORIO DE DANZA (artigo 6).

"Artigo 6.- Bases de imposición e tipos de gravame.

As bases de imposición e tipos de gravame son os recollidos na seguinte tarifa:

1.- Matrícula anual, cada alumno, 41,45 €

2.- Cota mensual de ensino, calquera que sexa a súa natureza e a súa duración diaria; cada alumno, 24,90 €

Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deban realizar os impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito."

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 10.

4º.- A ordenanza fiscal nº 10 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicárase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor para o curso escolar 2013/2014.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal esta rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo."

46.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS EN ESTABLECEMENTOS PROVINCIAIS DE SERVIZOS SOCIAIS.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal Nº 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS EN ESTABLECEMENTOS PROVINCIAIS DE SERVIZOS SOCIAIS (artigo 5).

"Artigo 5.- Bases de imposición e tipos de gravame.

As bases de imposición e tipos de gravame son os recollidos nas seguintes tarifas:

1.- Tarifa: *Cando se trate de servizos que corresponda prestar a entidades con competencias en Servizos Sociais para menores, e os devanditos servizos se soliciten desta Deputación para ser prestados nos seus centros, salvo convenio regulador, fíxanse as tarifas seguintes:*

- Fogares infantís e xuvenís:

a) Internos, cada un ao día..... 128,85 €

b) Fogar de día:

b.1.- Integral 96,65 €

b.2.- Básico 38,70 €

2.- *Cando existan convenios, as ditas tarifas poderán ser modificadas de acordo a intereses coincidentes das partes implicadas, recolléndose o novo prezo no pertinente convenio*

3.- *Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deban realizar os impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito."*

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o

expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 11.

4º.- A ordenanza fiscal nº 11 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal esta rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

47.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS NO CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza nº 12 reguladora do prezo público por servizos no Centro Residencial Docente Calvo Sotelo.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS NO CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO (artigo 4.1).

"Artigo 4.- Contía.

1.- As tarifas do prezo público serán as seguintes:

Centro Residencial Docente Calvo Sotelo:

a) Internos, cada un ao mes, 214,65 €

b) Medio-Pensionistas, cada un ao mes, 63,85 €

c) Ticket Comedor Día, 4,80 €"

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establece o artigo 49.b) da Lei de 7/85 do 2 de abril, de bases de réxime local.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza nº 12.

4º.- A ordenanza nº 12 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, a ordenanza publicárase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor para o curso escolar 2013/2014.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal esta rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local."

48.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 13 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DA PISTA POLIDEPORTIVA.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza nº 13 reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA Nº 13 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DA PISTA POLIDEPORTIVA (artigos 4.2 e 6.3).

"Artigo 4.- Contía.

2.- *A Tarifa do prezo público será*

- *Pola utilización da pista polideportiva e de todos os servizos complementarios de que dispoña (duchas, vestiarios, etc.). Por cada hora ou fracción de hora superior a 30 minutos, 29,15 €*

Artigo 6.- Normas de xestión.

3.- *O pago da tarifa efectuarase na Xerencia da pista, que será a encargada de ingresar mensualmente as ditas cantidades na Tesourería Provincial, enviando relación das cantidades ingresadas á Intervención Provincial."*

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establece o artigo 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, de bases do réxime local.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza nº 13.

4º.- A ordenanza nº 13 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal esta rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.”

49.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 14 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO PAZO DE MARIÑÁN.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza nº 14 reguladora do prezo público por utilización do Pazo de Mariñán.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA Nº 14 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO PAZO DE MARIÑÁN (artigo 4.2).

Artigo 4.- Contía.

2.- *As TARIFAS do prezo público serán as seguintes:*

Tarifa primeira.- Aloxamento:

1.- *Aloxamento.- Só habitación con almorzo:*

- a) *Habitación dobre ocupada por 2 persoas, cada unha ao día, 40,85 €*
- b) *Habitación dobre ocupada por unha soa persoa, ao día, 56,20 €*

Tarifa Segunda.-

Manutención soamente:

1.- *Alimentación completa: Almorzo, comida e cea, cada persoa e día, 40,85 €*

2.- *Servizos soltos:*

- a) Cada almuerzo, 3,40 €
- b) Cada comida, 20,45 €
- c) Cada cea, 20,45 €
- d) Cada café, 1,50 €

Manutención soamente (en festivo, sábado ou domingo (grupo de 30 persoas ou máis)):

1.- Alimentación completa: Almorzo, comida e cea, cada persoa e día, 50,00 €

2.- Servizos soltos:

- a) Cada comida, 25,00 €
- b) Cada cea, 25,00 €

Tarifa terceira.-Cesión locais e instalacións:

A cesión temporal de uso de salas de conferencias, reunións e demais dependencias cuxa utilización se autorice para actos, asembleas, cursos, etc., non patrocinados por esta Deputación e con independencia de facturas por outras tarifas desta ordenanza.

	<u>CON ALOXAMENTO</u>	<u>SEN ALOXAMENTO</u>
a) Salón de actos capacidade ata 140 persoas (por día e local)	255,25 €	408,40 €
b) Salón de conferencias capacidade ata 103 persoas (por día e local)	204,20 €	255,25 €
c) Salón da Adega capacidade ata 35 persoas (por día e local)	160,00 €	204,20 €
d) Aula 3 capacidade ata 30 persoas (por día e local)	153,15 €	160,00 €
e) Aula 2 capacidade ata 20 persoas (por día e local)	122,55 €	153,15 €
f) Sala Martínez Barbeito capacidade ata 15 persoas (por día e local)	91,90 €	122,55 €

Tarifa cuarta.- Servizos extras:

1.- Alimentación a base de menú especial con motivo de clausuras e outros motivos, solicitados polos interesados conforme o orzamento ofertado pola gobernanta do Pazo co visto e prace do xefe de Relacións Públicas e aceptado polo obrigado ao pago.

2.- Servizos de bar ou cafetería – se os houbese – ao prezo que para o efecto se fixe.

3.- Nos supostos en que a actividade ou servizo que se vai desenvolver no Pazo de Mariñán, logo da

autorización, non se atope tarifada na presente ordenanza, delégase na Xunta de Goberno, conforme o artigo 32 da Lei 7/85, do 2 de abril, o establecemento da tarifa a proposta do Servizo Técnico correspondente con informe da Intervención Xeral."

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establece o artigo 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, de bases do réxime local.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza nº 14.

4º.- A ordenanza nº 14 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, a ordenanza publicárase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal esta rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 49.c) unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local."

50.-APROBACIÓN DA ORDENANZA Nº 15 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO IES CALVO SOTELO.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza nº 15 reguladora do prezo público por utilización do IES Calvo Sotelo.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Impoñer o prezo público pola utilización do IES Calvo Sotelo e aprobar a ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO IES CALVO SOTELO.

"Artigo 1.- Concepto.

A) De acordo co disposto no artigo 148, en relación co artigo 41 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, esta Deputación establece o prezo público pola cesión das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo que diferentes asociacións e empresas demanden para a realización de accións formativas e culturais, que se rexerá polo que se dispón nesta ordenanza.

B) Poderán ser usuarios das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo todas aquelas empresas, asociacións ou entidades cuxas actividades se van desenvolver no centro sexan de interese provincial ou clara relevancia formativa, científica ou cultural.

Artigo 2.- Obrigados ao pago.

Estarán obrigados ao pago as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a utilización do servizo ou as que resulten beneficiadas polo devandito servizo.

Artigo 3.- Non obrigados ao pago.

Non estarán obrigados ao pago as persoas físicas ou xurídicas que utilicen o devandito servizo para realizar actividades de tipo cultural ou de promoción social, científica ou económica, cando sexan patrocinadas ou por iniciativa desta Deputación Provincial.

Artigo 4.- Contía.

1.- O importe do prezo público fixado nesta ordenanza cubrirá, como mínimo, o custo do servizo prestado, podendo fixarse un prezo público por baixo do custo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen.

O prezo público será o fixado nas tarifas que se recollen no apartado seguinte.

*2.- As **TARIFAS** do prezo público serán as seguintes:*

*a) **Aula básica:** capacidade para 20 persoas (mesa e cadeira individual, encerado, mesa e cadeira para relatora). 10 € hora.*

b) Aula con proxector: capacidade para 20 persoas (proxector, pantalla de proxección, mesa e cadeira individual, encerado, mesa e cadeira para relatora). 13 € hora.

c) Aula de informática: capacidade para 20 persoas (proxector, pantalla de proxección, mesa, cadeira e computador individual, impresora en rede, mesa, cadeira e ordenador para relator). 15 € hora.

d) Taller de electricidade: capacidade para 20 persoas (proxector, pantalla de proxección, posto de traballo individual, ferramentas básicas e maquinaria específica). 20 € hora.

e) Taller de carpintería, impresión, mecanizado, preimpresión e soldadura: capacidade para 20 persoas (posto de traballo individual, ferramentas básicas e maquinaria específica). 30 € hora.

3.-Os prezos que se establecen nas tarifas especificadas no artigo 4.2 non inclúen as ferramentas e materiais consumibles que serán por conta da entidade autorizada.

4.- Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deban realizar os impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

Artigo 5.- Obriga de pago.

A obriga de pagar nace desde que se inicia a prestación do servizo.

Artigo 6.- Normas de xestión.

- As solicitudes para a utilización das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo dirixiranse ao Ilmo. Sr presidente da Deputación. Serán tramitadas e informadas polo Servizo de Fomento. As autorizacións para a utilización das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo serán outorgadas polo Ilmo. Sr presidente da Deputación.

- Os solicitantes deberán estar ao corrente do pago das débedas contraídas con esta Deputación provincial.

- O Servizo de Fomento trasladará ao IES Calvo Sotelo e ao Servizo de Xestión Tributaria, Sección de Recursos Propios, a Resolución pola que se autoriza a utilización das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo, indicando expresamente nela a actividade autorizada, a data, o nome ou razón social e o NIF da persoa física ou xurídica que solicita a cesión das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo, e se a entidade autorizada está obrigada ao pago.

- Finalizada a actividade suxeita a este prezo público, o Servizo de Fomento comunicarlle nos catro días seguintes, ao Servizo de Xestión Tributaria, Sección de Recursos Propios, os datos necesarios para a práctica da oportuna liquidación.

- O Servizo de Xestión Tributaria, Sección de Recursos Propios, realizará a súa correspondente liquidación e notificación ao interesado.

- *A entidade autorizada responsabilizarase de calquera dano nas instalacións, equipos informáticos e maquinaria, estando obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación.*
- *O presidente da deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta ordenanza.*

Artigo 7.- Remisión á Ordenanza fiscal xeral.

En todo o non especialmente disposto nesta ordenanza, estarase ao disposto na Ordenanza fiscal xeral.

Disposición Final.- *A presente ordenanza entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.*

Dilixencia.- *A precedente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña o día ** de outubro de 2013."*

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establece o artigo 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, de bases do réxime local.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra da ordenanza nº 15.

4º.- A ordenanza nº 15 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, a ordenanza publicárase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal esta rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 49.c) unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local."

51.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 5/2012.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e maila documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 5/2012 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento xeral por un importe de 6.194.705,56 € e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	40.000,00
SC. Suplemento créditos:	6.154.705,56

Total de aumentos: 6.194.705,56

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

BA. Baixas de crédito noutras aplicacións:	1.367.231,79
MI. Maiores Ingresos:	4.827.473,77

Total financiamento: 6.194.705,56

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	385.291,00	1.115.088,19
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Transferencias correntes	280.000,00	0,00
6. Investimentos reais	1.001.711,31	0,00
7. Transferencias de capital	3.427.703,25	252.143,60
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	1.100.000,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	6.194.705,56	1.367.231,79

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	4.827.473,77
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	4.827.473,77

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

INTERVENCIONES

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente. Eu creo que todos os grupos somos responsables dos nosos actos, pero tamén somos responsables de que aqueles actos que co devir do tempo cambian un acerto no que pode ser un erro ou un problema para quen os aproba, debe modificalos, este é o caso.

Como ben saben, practicamente hai 10 anos produciase aquel terrible sinistro para toda a sociedade galega, como era o afundimento do Prestige, e naquel momento, no mes de novembro, se non me equivoco, unha Deputación gobernada polo Partido Popular, pero a través de iniciativas tamén do resto dos grupos, aprobou, por unanimidade, presentarse ou comparecer no xuízo derivado daquel afundimento. Eu creo que aquilo foi no seu momento un gran acerto, foi o que demandaba a sociedade da nosa provincia, e así ao mes seguinte compareceu esta Deputación provincial no que foi, ou está a ser nestes momentos, o xuízo derivado das terribles consecuencias daquel afundimento, pero transcorrido o tempo, eu creo que aquilo que tiña que ser unha defensa das posicións da Deputación provincial, nestes momentos carecen de sentido. Carecen de sentido porque, por unha banda o que son, digamos, os gastos directos ou indirectos que a Deputación no seu momento podía reclamar por aquel Plan de xestión de recuperación da nosa costa, non existen, aqueles gastos foron financiados e pagados a través do que era o Ministerio de Traballo naquel entón. Por tanto, o que quedan son as consecuencias derivadas do feito penal. Nese sentido, o que fixo a acusación particular que representa a esta Deputación é, nin máis nin menos, elevar unhas conclusións que o que solicita é o castigo, neste caso de forma penal, tanto para o capitán do barco como para o xefe de máquinas. Eu lembro que esa defensa xudicial da Deputación levábase a cabo, tal como acordou o Pleno desta Deputación e como acordou o presidente naquel entón, a través de todos os medios materiais e persoais necesarios.

Que cambiou, ou que mudou neste tempo?, O primeiro é que esa posición que mantén a Deputación e a acusación é a mantida, entre outros, polo Fiscal e, por tanto, non habendo neste momento unha reclamación económica polo que foron eses danos directos ou indirectos, e a nosa posición xurídica de defensa da provincia está garantida a través, nin máis nin menos, polo Fiscal, que defende os intereses, non só da provincia, senón tamén do Estado, eu creo que cómpre reflexionar se é normal que neste caso durante tres días ata o mes de maio, os xefes dos servizos xurídicos e outra persoa máis teñan que dedicar o tempo que podían dedicar a outras xestións directas ou informes da propia Deputación a comparecer, a estar presentes nese xuízo, porque de feito contrario, de non facelo, evidentemente un xuízo de 200.000 folios dificilmente podían estar á altura das esixencias xurídicas que demandaría o ser parte.

Iso é o que, pasado este tempo e pensado que os intereses como sociedade, a través desa petición de penas para o capitán e o xefe de máquinas, e estando neste caso xa todo o que eran os derivados de gastos económicos que se puidesen sufrir nas arcas municipais, xa solucionado, é o que nos leva a presentar esta moción de urxencia presentada pola Presidencia, e que o que di é o seguinte, na súa parte dispositiva, que o Pleno desta Deputación acorde apartarse, renunciando ou desistindo das accións penais, como parte acusador no procedemento abreviado 38/2011, dilixencias previas 960/2002, tramitadas ante o Xulgado de Instrución nº 1 de Corcubión, que se seguen ante a Sección Primeira da Audiencia Provincial da Coruña, reservándose o exercicio das accións civís que, no seu caso, puidesen corresponderlle á Deputación provincial.

Espero o apoio de todos os grupos, posto que entendemos que as circunstancias deste ano 2011 non son as mesmas que levaron, por unanimidade, a que todos os grupos aprobásemos aquela presenza provincial neste xuízo. Nada máis, moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Regueira Varela

Evidentemente, dez anos despois é imposible que as circunstancias sexan as mesmas. Considérase que no momento en que se tomou a decisión por acordo plenario era un acerto, e dez anos despois considérase que o acerto é desistir. Eu creo que é un problema a xustiza neste país, é un problema que isto tarde unha década, o xuízo tarde unha década en producirse, e seguramente se fose tan só dous anos despois seguiríamos considerando que era un acerto o acordo plenario.

Aquí parece que se está falando do afundimento dun barco, dun accidente marítimo, unha cousa moi aséptica. Aquí estamos a falar da maior catástrofe ecolóxica deste país, non o podemos esquecer, e esa catástrofe non é simplemente un accidente marítimo que, seguramente, na parte que é simplemente accidental terán responsabilidades, o patrón, o capitán do barco e o xefe de máquinas do barco, eu non digo que non. Agora ben, o acordo plenario da Deputación tamén di que a Deputación pediría responsabilidades a toda persoa física ou xurídica que tivese participación ou responsabilidade directa ou indirecta nos feitos que nos ocupan, unha cousa é o accidente marítimo e outra é a catástrofe ecolóxica. A catástrofe ecolóxica vén dada dunha mala xestión política do accidente, e hai que diferencialo. Nós cremos que a Deputación debe seguir comparecendo por si mesma, e debe de esixir as responsabilidades que manifestou no acordo plenario. Nós, o Grupo do BNG considera que no que é a catástrofe o que hai son responsabilidades políticas con nomes e apelidos, e a día de hoxe, desde que empezou o xuízo, estamos a ver manifestacións de responsables políticos, de diferentes cores, tamén é certo, que naquel momento ordenaban facer ou desfacer segundo que cousas, desde bombardear o barco, afastalo mar dentro, etc., etc., e esas responsabilidades son as que hai que depurar tamén neste xuízo e, por tanto, consideramos que era un acerto, Sr. Ruiz Rivas, en 2002, e se tivésemos memoria, seguiría sendo un acerto en 2012.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, o Grupo Socialista vai votar en contra desta moción, porque entendemos que é unha obrigaón ética da Deputación seguir comparecendo nese procedemento, e é unha obrigaón tamén estética ante a sociedade. Creo, e sinceramente dígo, e sei que son palabras un pouco fortes, que politicamente non é comprensible que a Deputación se retire deste proceso, e socialmente, cando menos, é unha impertinencia. Claro que a xustiza é lenta, e sabémolo todos, pero se adoptamos este acordo ante calquera caso de lentitude da xustiza, non habería xustiza nunca, porque acabariamos retirándonos de todos os procedementos. O devir do tempo mudou moitas cousas, pero non mudou as causas que levaron á Corporación no ano 2002 a tomar o acordo de comparecer, esas causas non mudaron e, por tanto, cremos que a Deputación debe estar presente nese procedemento e facer o que tiña que facer, e o que fixo durante estes dez anos, xa digo, a xustiza é lenta, e a lentitude arrefría os sentimentos, e mesmo arrefría o interese, pero moitas veces é o que se busca, arrefriar o interese, o sentimento, para provocar a desistencia.

Cremos, Sr. presidente, entendemos a proposta, pero cremos que non é oportuna politicamente e á parte que non é sensata nestes momentos, e non podemos votar a favor.

Sr. Ruiz Rivas

Para fixar e acabar, digamos, este punto, a primeira é que a posición da Deputación que manteñen os seus letrados, segue defendida e, por tanto, que os intereses que a Deputación estaba a defender comparecendo nese xuízo, van seguir sendo defendidos coa mesma intensidade e co mesmo posicionamento que tiñan os nosos servizos xurídicos.

Segundo, eu non sei a intención de cada un dos grupos que aquí estaba no ano 2002, cal era, aquí falábase, ou eu escoitei hoxe de responsabilidades políticas. O que se fai nun xuízo é analizar eses 200.000 folios dos feitos, e en función desas responsabilidades, neste caso no ámbito penal, hai unha cualificación deses feitos e solicítase unha serie de penas, neste caso a posición da Deputación creo que difire do que hoxe escoitei dalgún dos grupos, posto que onde ve responsabilidade é nos feitos que cometeron, tanto o capitán do barco, o Sr. Apóstolos Mangouras, como do xefe de máquinas, e por tanto, a responsabilidade política non sei se a haberá ou non, en todo caso, son outros os trámites nos que se debe de esixir, e onde tamén foi esixida no seu momento, e pasou por diferentes etapas nas que o pobo puido esixir esas responsabilidades políticas ou telo demostrado co seu voto. Por tanto, o que agora estamos é esixindo as responsabilidades penais e, no seu caso, económicas, económicas, que na Deputación non as hai, penais, entendemos que as dúas persoas ás que se lle deben esixir estáselle esixindo a través doutros mecanismos como é a propia Fiscalía do Estado. E só lembrar que o que imos gañar é dúas persoas durante oito meses, na súa dedicación á propia Deputación, e por tanto creo que si, as circunstancias

variaron o suficiente como para que a posición de todos os grupos tamén variase, independentemente das nosas posicións políticas, que é evidente que estarán seguramente máis achegadas ao que se pensaba no ano 2002, que é o que realmente os feitos viñeron dicir en 2012. Nada máis e moitas grazas.

Sr. presidente

Pasamos á votación, pero si me gustaría dicir que, como eu estou seguro que ás veces o que se di non é exactamente o que se pensa, si me gustaría reafirmar o que acaba de dicir o portavoz do Partido Popular, e é que na demanda ou na comparecencia da Deputación non está incluída ningún tipo de responsabilidade política, nin outro tipo, senón que unicamente se acusa ao capitán, ao xefe de máquinas e ao oficial, e esa acusación, que era o que tentabamos explicar, probablemente con pouco acerto, vai seguir estando aí enriba da mesa, posto que é a Fiscalía Xeral do Estado a que segue adiante con esa acusación, é a Xunta de Galicia a que segue adiante con esa acusación, e en todo caso, outro tipo de responsabilidades seguro que se van poder dirimir exactamente o mesmo compareza ou non a Deputación.

E desde o punto de vista da eficiencia, ter ao asesor xurídico da Deputación e a outra persoa, durante oito meses, todos os días, pendentes do xuízo, no canto de estar a atender aos nosos alcaldes e aos nosos problemas que temos na Deputación, creo que é un bo motivo para dar ese paso porque non vai supor unha diminución na acusación cara a esas persoas que puideron actuar mal, e cada un que entenda o que queira entender, ou que o adapte ao que queira.

A continuación vótase a urxencia da moción, e apróbase por unanimidade.

A continuación vótase a moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

Apróbase a seguinte moción:

“MOCIÓN A PROPOSTA DA PRESIDENCIA EN RELACIÓN ÁS ACTUACIÓNS XURISDICIONAIS CON MOTIVO DO DESASTRE PRODUCIDO POLO AFUNDIMENTO DO BUQUE “PRESTIGE”.

Á vista da proposta de resolución formulada polo letrado-asesor xurídico desta Deputación provincial, no seu informe nº 235/2012, do 22/10/2012, esta Presidencia proponlle ao Pleno,

1.- Ante a magnitude dos feitos acontecidos con motivo do afundimento do buque “Prestige”, o Pleno desta Deputación provincial, en sesión extraordinaria do 29/11/2002, e por moción conxunta dos grupos políticos da Corporación, acordouse, entre outros,

“Comparecer, en solitario ou de forma conxunta con outras administracións e entidades afectadas polo desastre do “Prestige”, como acusación particular contra a compañía armadora, a empresa aseguradora, o capitán do buque, a empresa responsable do frete, ou de calquera persoa física ou xurídica que tivese participación ou responsabilidade, directa ou indirecta, nos feitos que nos ocupan”.

Así mesmo, e en cumprimento do acordo plenario, por resolución da Presidencia nº 19.201, do 03/12/2002, dispúxose que,

“Que dando cumprimento ao mandato emanado da Corporación en Pleno, e tendo coñecemento de que se atopan en tramitación dilixencias previas 960/02 seguidas ante o Xulgado de Instrución nº 1 dos de Corcubión dispoño a comparecencia deste organismo público nos referidos autos, como acusación particular, encomendándolle a representación e defensa ao letrado-asesor da Corporación, don Ramón Valentín López Rei, pondo á súa disposición todos os medios materiais e persoais, desta Deputación provincial, que resulten precisos e necesarios para levar a cabo a representación xudicial desta Corporación no citado procedemento xudicial, debendo darse conta desta resolución á Comisión de Goberno para coñecemento.”

A Comisión de Goberno, en sesión ordinaria do 20/12/2002, tomou coñecemento da citada resolución da Presidencia.

2.- En cumprimento do disposto pola Corporación, o letrado-asesor xurídico efectuou a comparecencia, o 03/12/2002, como parte acusadora, ante o Xulgado de Instrución número 1 de Corcubión, en dilixencias previas 960/2002.

Tras unha longa e dificultosa instrución das actuacións penais, formulouse o correspondente escrito de acusación, a medio de conclusións provisionais, o 01/06/2010, ao entender que os feitos acontecidos son constitutivos de senllos delitos contra os recursos naturais e o medio ambiente do artigo 325 do Código penal, porque os feitos investigados na tramitación dos autos (deficiente estado de mantemento do buque, falta de control da corrosión do tanque de lastre nº 3, deficiente funcionamento dos sistemas de remolque de emerxencia), atribuíbles ao Sr. Mangouras, capitán do “Prestige”, en concepto de autor, contribuíron á produción do sinistro e á agravación do dano.

No citado escrito de cualificación provisional, ponse de manifesto a concurrencia de delito na modalidade agravada do artigo 326 do mesmo código e art. 338 do Código penal. Concorrendo, tamén, o delito de desobediencia grave e

resistencia á autoridade, segundo o establecido no art. 556 do Código penal. E que dos feitos son responsables en concepto de autores os acusados Apostolos Mangouras (capitán do Prestige) e Nikolaos Argiropoulos (xefe de Máquinas) polos delitos anteriormente indicados contra os recursos naturais e de desobediencia grave e resistencia á autoridade.

Como consecuencia diso, o letrado-asesor xurídico interesou no escrito de conclusións provisionais que se lles impuxesen aos acusados as seguintes penas:

“A Apostolos Mangouras:

Polo delito contra os recursos naturais e o medio ambiente disposto no artigo 325 do Código penal, na modalidade agravada do artigo 326 e 338 do mesmo código, a pena de 6 anos de prisión, 36 meses de multa a razón de 90 euros por día, e inhabilitación especial para o exercicio da profesión de capitán da mariña mercante e de calquera outra relacionada con esta por período de 4 anos e seis meses. Polo delito de desobediencia grave e resistencia á autoridade a pena de 6 meses de prisión.

A Nikolaos Argiropoulos:

Polo delito contra os recursos naturais e o medio ambiente disposto no artigo 325 do Código penal, na modalidade agravada do artigo 326 e 338 do mesmo código, a pena de 6 anos de prisión, 36 meses de multa a razón de 90 euros por día, e inhabilitación especial para o exercicio da profesión de capitán da mariña mercante e de calquera outra relacionada con esta por período de 4 anos e seis meses. Polo delito de desobediencia grave e resistencia á autoridade a pena de 6 meses de prisión.”

3.- En canto aos danos directos, que o citado sinistro ambiental puidese producir no patrimonio provincial, debe significarse que a Deputación provincial participou no proxecto “Plan de rexeneración e recuperación socioeconómica ambiental de diversas zonas e áreas afectadas polo afundimento do buque “Prestige”. O programa, implementado pola Deputación para paliar os danos deducidos de forma directa e inmediata do afundimento do “Prestige”, implicou a contratación do persoal que atendeu os labores de limpeza na zona afectada polo afundimento. O devandito programa foi financiado con cargo á achega realizada para o efecto polo Ministerio de Traballo.

Todas as actuacións desenvolvidas con cargo ao proxecto foron de plena conformidade coa programación prevista e coas prescricións técnicas aprobadas pola Deputación. A xustificación do proxecto foi oportunamente enviada ao Ministerio para a súa validación, circunstancia que deu lugar á súa aprobación e ao pago da correlativa achega económica. Unha vez tramitada e xustificada o expediente, e imputados os gastos derivados da súa execución aos orzamentos da Corporación, procedeuse a

tramitar o arquivo da documentación referida, documentación que consta nas dependencias da Sección de Promoción Económica.

Segundo informe da citada unidade de Promoción Económica, do 19/10/2012, no día da data, non se atopa pendente de tramitar xustificante ningún derivado de posibles danos do afundimento do buque “Prestige” relacionado co devandito programa.

4.- As actuacións instrutoras do asunto “Prestige”, alcanza, certamente, magnitudes excepcionais, douscentos mil folios serven de soporte á devandita instrución, con máis de setenta partes acusadoras comparecentes nas actuacións e estase celebrando un xuízo oral que reúne as características de “macroxuízo”, estando previsto que a duración deste alcance, polo menos, ata o mes de maio de 2013, con sesións, tamén previstas inicialmente, de tres días á semana.

Todo iso supón unha carga de recursos económicos e medios persoais moi importante para a Deputación provincial, ao esixir que, polo menos, dous letrados teñan que ter un coñecemento permanente e inmediato das actuacións, coa profundidade suficiente para poder asistir ás sesións do xuízo oral.

Estas circunstancias, así como que no procedemento comparece como acusación pública o Ministerio Fiscal, que exercita plenamente as accións penais e civís correspondentes, en beneficio da lei e dos intereses públicos xerais, entre os que se atopan os desta Deputación provincial, parece prudente proporlle ao Pleno o afastamento por parte desta Deputación provincial do exercicio das accións penais que veñen exercitando en nome da Deputación provincial nas mencionadas actuacións polo afundimento do buque “Prestige”, reservándose, ao amparo do disposto nos artigos 111 e 112 da Lei de axuízamento criminal, as accións civís que no seu caso puidesen corresponderlle á Deputación provincial.

É por iso que esta Presidencia lle propón ao Pleno o seguinte acordo:

“Apartarse, renunciando ou desistindo das accións penais, como parte acusadora no procedemento abreviado 0038/2011, -diligencias previas 960/2002, tramitadas ante o Xulgado de Instrución número un de Corcubión-, que se seguen ante a Sección Primeira da Ilma. Audiencia Provincial da Coruña, reservándose o exercicio das accións civís que no seu caso puidesen corresponderlle á Deputación provincial.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Regueira Varela

É se sabía vostede algo sobre a petición que fixo o Concello de Laxe sobre a axuda por parte desta Administración pública para auditar as súas contas, non sei se xa

sabe algo do tema, se non o sabe. E tamén quería preguntarlle, aproveitando xa, se ten algunha data de referencia a primeira reunión das comisións político-técnicas para tratar ese Plan estratéxico 2012-2015, que aprobamos no Pleno de abril, se non recordo mal.

Sr. presidente

A verdade é que do Concello de Laxe non me acordei hoxe de traerlle información, pásolla se quere a semana que vén, e tamén lle pasamos a semana que vén as datas para ter esas reunións.

Sra. Pérez Rumbo

Bos días, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. O noso rogo é que no mes de maio presentamos unha moción que concirne ao Plan da minería e a día de hoxe aínda non se trouxo a este Pleno para poder debatelo, e eu quería ter en conta un pouco o que se expuxo aquí nos anteriores puntos, e é que se aprobaron varios convenios para favorecer a dous concellos e así mellorar a vida de todos os seus habitantes, e neste caso, lembrar que o Plan da minería tamén lle afecta, fundamentalmente aos Concellos de Cerceda e As Pontes, pero tamén ás súas comarcas, e estamos a falar dun investimento que a día de hoxe está aprobado, pero sen executar, por parte do Estado, de 12.648.000 euros, por tanto, creo que a importancia é evidente, e gustaríame que fose debatido, e que cada grupo tivese ocasión de manifestar o seu parecer.

Sr. presidente

É certo que queda pendente hai varios Plenos, a ver se no Pleno de novembro podemos incluír esa moción.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e seis minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.